	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos aspectos xerais do programa de forma estruturada, facendo especial fincapé nos fundamentos e aspectos máis importantes ou de difícil comprensión para o alumnado. O persoal docente facilitará, a través da plataforma Moovi, o material necesario para un correcto seguimento da materia. O alumnado deberá traballar previamente o material entregado polo profesor e consultar a bibliografía recomendada para completar a información. Ao finalizar cada tema ou bloque de temas o realizaranse probas escritas con preguntas que deberán ser contestadas con brevidade. Os resultados de aprendizaxe previstos son: -Resolver problemas relacionados cos citados procesos e operacións, dando prioridade aos coñecementos de vangarda no ámbito da Enerxía - Coñecer as técnicas de medida das propiedades dos combustibles e aplicalo nas tarefas en equipo que se propoñen durante o curso	40	D3 D13
Prácticas de laboratorio	Plantéxase a realización das seguintes prácticas: -Caracterizar diferentes combustibles coas análises normalizadas -Producir biodiesel a partir de residuos graxos Débese entregar un informe cos principais resultados obtidos, así como unha discusión en profundidade dos mesmos. Os resultados de aprendizaxe previstos son: -Coñecer as técnicas de medida das propiedades dos combustibles e aplicalo nas tarefas en equipo que se propoñen durante o curso	10	D13 D14
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao finalizar cada tema ou bloque de temas realizaranse probas escritas con problemas ou casos prácticos. Nesta metodoloxía avalíanse os seguintes casos prácticos: --Definir cal é a causa do problema que xorde nunha empresa do sector enerxético -Detectar as posibles solucións ao problema dende o punto de vista técnico -Discutir en grupo a solución máis viable dende o punto de vista técnico, económico e ambiental. Os resultados de aprendizaxe previstos son: -Resolver problemas relacionados cos citados procesos e operacións, dando prioridade aos coñecementos de vangarda no ámbito da Enerxía - Coñecer as técnicas de medida das propiedades dos combustibles e aplicalo nas tarefas en equipo que se propoñen durante o curso	50	D3 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Avaliación continua:

O alumnado poderá optar por non participar no sistema de avaliación continua, indicándoo no prazo que se fixe o día da presentación da materia, que será de alomenos un mes.

Neste modo de avaliación a cualificación incluírá a seguinte ponderación: o desempeño nas prácticas de laboratorio (10%), as probas escritas (40%) e a resolución de problemas (50%).

As cualificacións obtidas, tanto nas probas escritas como na de resolución de problemas, deberán ser de alomenos 5 puntos sobre 10. De non ser así, a cualificación será de suspenso coa nota numérica máis baixa das obtidas nas devanditas probas.

2. Avaliación 2ª oportunidade:

A cualificación basearase unicamente na avaliación dun exame final. Conservarase a cualificación de prácticas de laboratorio a condición de que se obtivera unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 nesa metodoloxía. De non ser así, no exame final poderanse incluír preguntas correspondentes ás prácticas de laboratorio.

3. Avaliación global:

A cualificación basearase unicamente na avaliación dun exame final, onde se poderán incluír preguntas correspondentes ás prácticas de laboratorio, as probas escritas e a resolución de problemas. Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación superior a 5 puntos sobre 10.

Espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado no relativo a copia, plaxio, utilización de dispositivos electrónicos non autorizados ou compromiso co traballo colaborativo.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Himmelblau, D.M., **Principios básicos y cálculos en Ingeniería Química**, 6ta edición, Pearson, 1974

Gary, J.H. y Handwerk, G.E., **Refino de petróleo**, 2da edición, Reverte, 2010

Vián, A., **Introducción a la Química Industrial**, 4ta edición, Reverte, 2006

Bibliografía Complementaria

McCabe, W.L. y otros, **Operaciones Unitarias en Ingeniería Química**, 7ma edición, McGraw-Hill, 2006

Bell, D.A. y otros, **Coal gasification and its applications**, 1ra edición, Elsevier, 2010

Speight, J.G., **The Chemistry and Technology of Petroleum**, 5ta edición, CRC Press, 2014

Mousdale, D.M., **Introduction to Biofuels**, 1ra edición, CRC Press, 2017

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fundamentos de Xeración Eléctrica				
Materia	Fundamentos de Xeración Eléctrica			
Código	V09M148V11107			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría eléctrica			
Coordinador/a	Cidrás Pidre, Jose			
Profesorado	Cidrás Pidre, Jose			
Correo-e	jcidras@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia comprende os aspectos básicos da xeración e produción de enerxía eléctrica a través de centrais convencionais e renovables			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C3	Planificar e xestionar recursos enerxéticos, incluíndo xeración, transporte, distribución e utilización.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do seu ámbito temático, en contextos interdisciplinarios e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia de coñecemento.
D7	Asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D9	Tomar conciencia da necesidade duna formación e mellora continua de calidade, desenvolvendo valores propios da dinámica de pensamento científico, mostrando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinións ou situacións diversas, en particular en materia de non discriminación por sexo, raza o relixión, respecto aos dereitos fundamentais, accesibilidade, etc.
D10	Comprender a transcendencia dos aspectos relacionados coa seguridade e saber transmitir esta sensibilidade ás persoas do seu entorno.
D11	Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.
D12	Aplicar a lexislación vixente do sector, identificar os elementos clave do entorno social e empresarial do sector e relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de calquera dos aspectos da súa labor profesional.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os elementos das centrais eléctricas clásicas	C3 D3 D6 D7
Coñecer os principios dos sistemas e do funcionamento dos aeroxeradores	D8 D9 D10
Coñecer os principios de funcionamento dos sistemas solares fotovoltaicos	C3 D11 D12
Nova	C3 D10 D12

Contidos

Tema

Introdución: Estrutura e modelos dos elementos fundamentais dun sistema enerxía eléctrica.	Xeración. Transporte. Distribución. Consumo.
Sistemas de xeración eléctrica	Xeración eléctrica: centrais convencionais e enerxías renovables. Aproveitamentos eólicos e fotovoltaicos.
Operación, control e xestión de centrais eléctricas.	Sistemas asociados á xeración eléctrica

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	8	10	18
Prácticas con apoio das TIC	6	6	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Estudo de casos	0	13	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O profesorado exporá na clase o contido da materia.
Resolución de problemas	O profesorado realizará exercicios e problemas tipo dos diferentes contidos da materia, e o estudantado realizará problemas e exercicios similares.
Prácticas con apoio das TIC	Realizaranse problemas e exercicios prácticos que requiran soporte informático, procura de información, uso de programas de cálculo,...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e preguntas do estudantado, segundo xurdan durante a realización dos problemas/exercicios.
Resolución de problemas	O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e preguntas do estudantado, segundo xurdan durante a realización dos problemas/exercicios.
Prácticas con apoio das TIC	O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e preguntas do estudantado, segundo xurdan durante a realización dos problemas/exercicios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas con apoio das TIC	Asistencia ás prácticas e presentación das memorias da resolución das actividades expostas. Para superar esta parte é necesario asistir polo menos 75% das horas asignada e entrega de informes correspondentes. En caso contrario, o estudantado realizará unha proba desta parte da materia.	20	C3	D3 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase un exame que consistirá na resolución de casos prácticos e desenvolvemento de cuestións teóricas relacionadas coa docencia teórica e práctica. Deberase alcanzar unha nota superior ao 30% da cualificación máxima da proba para aprobar a materia.	60	C3	D6 D7 D8 D10
Estudo de casos	Realización e presentación dos casos prácticos expostos polo profesorado.	20	C3	D7 D8 D9 D10 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

Consideracións sobre a **Avaliación continua (primeira oportunidade)**:

- Adecurase á normativa da universidade e se realizará atendendo á consideración de asistencia do estudantado ás clases teóricas e prácticas.
- Concretamente, se realizará un seguimento da asistencia ás clases prácticas; ao estudantado que asista a menos do 75% das clases correspondentes ás prácticas, se lle notificará que é necesario que realice unha proba escrita da

parte de prácticas de laboratorio.

Segunda oportunidade:

- O estudantado poderá realizar de novo calquera das probas (exames, informes/proba de prácticas e presentación de casos prácticos), mantendo no resto de probas a cualificación obtida na primeira oportunidade.

Avaliación Global:

- Para a avaliación global atenderase ás porcentaxes definidas nas probas: Exame escrito 60%, proba sobre as prácticas de laboratorio 20% e presentación de caso práctico 20%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Prof. dpto. Ingeniería Eléctrica, **Análisis de redes eléctricas**, Universidade de Vigo, 1995

CIEMAT, **Principios de conversión de la energía eólica**, CIEMAT D.L., 2005

CIEMAT, **Fundamentos, dimensionado y aplicaciones de la energía solar fotovoltaica**, CIEMAT D.L., 2008

Bibliografía Complementaria

Coord: Antonio Gómez Expósito, **Análisis y Operación de Sistemas de Energía Eléctrica**, McGraw-Hill, 2002

Ley del Sector Eléctrico (Ley 54/1997),

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros				
Materia	Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros			
Código	V09M148V11110			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Caparrini Marín, Natalia			
Profesorado	Caparrini Marín, Natalia Saavedra González, María Ángeles			
Correo-e	nataliac@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	O obxectivo principal da materia é realizar unha primeira aproximación á avaliación dun xacemento mineral mediante softwares específicos. Para iso van tratar os principais conceptos na modelización e avaliación de recursos mineiros, a continuación traballarase con bases de datos de sondaxes e realizarase o tratamento das mesmas e por último aplicáranse estimadores xeoestatísticos para a cubicación do xacemento.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Comprender os múltiples condicionamentos de carácter técnico, legal e da propiedade que se expoñen no proxecto dunha planta ou instalación, e establecer diferentes alternativas válidas, elixir a óptima e plasmala adecuadamente, prevendo os problemas do seu desenvolvemento, e empregando os métodos e tecnoloxías máis adecuadas, tanto tradicionais como innovadoras, coa finalidade de conseguir a maior eficacia e favorecer o progreso e un desenvolvemento da sociedade sostible e respectuoso co medio ambiente.
B2	Coñecer, comprender e aplicar la lexislación necesaria no exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Minas.
B9	Coñecer os aspectos relativos a modelización, avaliación e xestión de recursos xeolóxicos, incluídas as augas subterráneas, minerais e termais.
C1	Deseñar, planificar e dirixir tecnicamente actividades de exploración, investigación, modelización e avaliación de xacementos de recursos xeolóxicos
D7	Asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.
D11	Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Dominar a terminoloxía do ámbito da modelización e avaliación de recursos mineiros.	B2 B9 C1 D11
Elaborar bases de datos e tratamentos dos mesmos para a avaliación dun xacemento.	B1 B9 C1 D11
Aplicar a Xeoestatística ao estudo e estimación dun xacemento.	B1 B9 C1 D14

Realizar unha primeira aproximación á avaliación dun xacemento.

B1
B2
B9
C1
D7
D11
D14

Contidos

Tema

1. Introducción	Fases dun proxecto mineiro. Estudos de Viabilidade. Sistemas e criterios de clasificación de recursos e reservas.
2. A modelización do depósito mineral	Modelo xeolóxico. Modelo xeométrico. Modelo numérico. Modelo económico.
3. Sistemática do proceso de estimación de reservas.	Creación e depuración da base de datos. Análise estatística. Regularización dos datos. Contornos do xacemento. Discretización do xacemento. Análise estrutural. Estimación de Reservas.
4. Exploración xeoestatística de xacementos minerais.	Caracterización de recursos e reservas. Predición xeoestatística de xacementos minerais. Avaliación das predicións e validación dos métodos seleccionados.
5. Parámetros Económicos Básicos para a avaliación dun depósito mineral.	A función Tonelaxe-Lei. Dilución. Recuperación. Rendemento. Ratios. Estimación de custos. Prezo dos metais e minerais. Lei de Corte.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	20	28
Prácticas con apoio das TIC	28	20	48
Resolución de problemas	12	15	27
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	20	20
Estudo de casos	0	25	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc.).
Resolución de problemas	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).
Prácticas con apoio das TIC	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).
Resolución de problemas	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).

Avaliación

Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O estudiantado resolverá ao longo do período lectivo unha serie de exercicios que deberá presentar para a súa avaliación.	20	B2	C1	D11
Estudo de casos	Entrega, ao remate do período lectivo, dos resultados dun caso real de estudo proposto ao comezo do curso e que se vai resolvendo a medida que se avanza na teoría e nas prácticas da materia.	40	B1 B2 B9	C1	D7 D11 D14
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo e condicións establecidas polo profesorado. Dita proba realizarase na data oficial de exame da materia establecida polo centro	40	B2 B9	C1	D11 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación global:

Para o estudiantado que rexeita a avaliación continua, nos prazos establecidos polo centro, a cualificación será:

50% Resolución de problemas e/ou exercicios: Exame de resolución de exercicios que se realizará na data oficial do exame da materia establecida polo centro.

50% Estudo de casos: Entrega, ata a data oficial do exame da materia, dos resultados dun caso real de estudo proposto ao comezo do curso.

2ª Oportunidade:

Tanto na avaliación continua como na avaliación global, as metodoloxías e porcentaxes das probas serán iguais á 1ª oportunidade.

No caso de que presenten e aproben a memoria de prácticas e/ou o caso práctico na 1ª oportunidade, conservarase a nota.

Se non o presentaron ou o suspenderon deberán presentalo na 2ª oportunidade.

A validez do caso práctico e/ou da memoria de prácticas é dun ano académico

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

López Jimeno, Carlos, **Manual de Evaluación Técnico-Económica de proyectos mineros de Inversión**, ITGE, 2000

Castañón Fernández, Cesar, **Manual de Recursos Mineros (RecMin)**, RecMin, 2014

Diggie, Peter J. y Ribeiro, Paulo J., **Model-based geostatistics**, Springer, 2006

Journel, Andre G, **Fundamentals of Geostatistics in Five Lessons**, American Geophysical Union, 2013

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Energía Térmica Convencional e Renovable				
Materia	Energía Térmica Convencional e Renovable			
Código	V09M148V11111			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos			
Coordinador/a	Morán González, Jorge Carlos			
Profesorado	Morán González, Jorge Carlos			
Correo-e	jmoran@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia recolle unha ampla variedade de temas distintos, como indica o seu nome, ao aglutinar diversas competencias específicas recollidas na memoria relativas á produción de enerxía térmica.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
C3	Planificar e xestionar recursos enerxéticos, incluíndo xeración, transporte, distribución e utilización.
D5	Transmitir dun modo claro e en ambigüidades a un público especializado ou non, resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D11	Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Realizar unha primeira aproximación á planificación e xestión da xeración, transporte, distribución e utilización dos recursos enerxéticos.	C3 D5 D11
Identificar e seleccionar os combustibles e elementos de combustión máis apropiados.	C3 D5 D8 D11

Contidos	
Tema	
1.- Combustibles e procesos de combustión.	Estudo da natureza e uso dos distintos combustibles: sólidos, líquidos e gasosos. Estudo dos procesos de combustión.
2.- Conversión e transporte de enerxía.	Fontes Enerxéticas. Estrutura do consumo enerxético. Previsión da demanda enerxética.
3.- Central térmica convencional.	Esquema dunha central térmica convencional. Esquema dunha central térmica de Ciclo combinado. Operación de centrais. Impactos medioambientais.
4.- Enerxía térmica renovable	Introdución á biomasa. Introdución á enerxía solar.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	9	8	17
Resolución de problemas	5	13	18
Lección maxistral	10	16	26

Traballo	2	12	14
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentación	Realizaranse exposicións en clase por parte dos alumnos
Resolución de problemas	O profesor proporá e realizará problemas
Lección maxistral	O profesor exporá algúns temas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente no aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de Moovi).

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Presentación	Realizarase unha avaliación continua dos traballos expostos, RESULTADOS: Realizar unha primeira aproximación á planificación e xestión da xeración, transporte, distribución e utilización dos recursos enerxéticos. Identificar e seleccionar os combustibles e elementos de combustión máis apropiados.	10	C3	D5 D11
Resolución de problemas	O alumnado realizará problemas avaliados que deberá entregar ao longo do curso e que suporán un valor total do 20%. Ademais, realizará un exame de problemas na data oficial programada que valerá un 30%. O total deste apartado será dun 50%. RESULTADOS: Realizar unha primeira aproximación á planificación e xestión da xeración, transporte, distribución e utilización dos recursos enerxéticos. Identificar e seleccionar os combustibles e elementos de combustión máis apropiados.	50	C3	D5 D8 D11
Lección maxistral	O derradeiro día de clase realizarase un exame dos temas expostos ao longo do cuadrimestre. RESULTADOS: Realizar unha primeira aproximación á planificación e xestión da xeración, transporte, distribución e utilización dos recursos enerxéticos. Identificar e seleccionar os combustibles e elementos de combustión máis apropiados.	20	C3	D8
Traballo	Realizarase unha avaliación continua dos traballos expostos en clase. RESULTADOS: Realizar unha primeira aproximación á planificación e xestión da xeración, transporte, distribución e utilización dos recursos enerxéticos. Identificar e seleccionar os combustibles e elementos de combustión máis apropiados.	20	C3	D5 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE

De acordo á normativa, as diferentes probas que se realizarán non superarán o 40% da nota total final.

Por iso, a longo do curso se realizarán de forma individual e a través dun proceso de titorización unha serie de problemas, que se deberán entregar resoltos nos prazos que se fixarán ao longo do curso. O conxunto destes problemas/probas valerá o 20% da nota final.

O exame final, na data oficial, consistirá na Resolución de problemas e terá un valor do 30%.

Tamén se realizará ao longo do curso un traballo individual que será entregado e presentado en clase e que valerá, respectivamente, o 20% e o 10% da nota final.

A data do exame final será a fixada pola Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

SEGUNDA OPORTUNIDADE

O alumnado poderá conservar as notas de cualificación obtidas nas probas previas ao exame oficial final da primeira oportunidade, ou facer un exame único que as substitúa para poder obter o 100% da nota total final.

AVALIACIÓN GLOBAL

Aqueles estudantes que non desexen seguir a modalidade de avaliación continua, poderán renunciar á mesma no prazo mínimo dun mes e máximo ata 6 semanas desde o inicio do cuadrimestre. Realizarán un exame único equivalente que valore as metodoloxías descritas (80% parte práctica/problemas e 20% parte de teoría) na data oficial marcada pola Escola, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Jose Luis Míguez Tabarés; Eusebio Vázquez Alfaya, **Producción Industrial de Calor**, Gamesal, 2004

M.J. Moran; H.N. Shapiro, **Fundamentos de termodinámica técnica**, Reverte, 2016

M. Márquez Martínez, **Combustión y quemadores**, Ed. Productica, 2005

J.M. Desante; M. Lapuerta, **Fundamentos de la combustión**, Servicio de publicaciones UPV, 2004

Duffie J.; W. Beckman, **4 edición - Solar engineering of thermal processes**, Wiley Interscience, 2013

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Concentración de menas				
Materia	Concentración de menas			
Código	V09M148V11113			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Delgado Marzo, Fernando			
Profesorado	Delgado Marzo, Fernando			
Correo-e	fdelgado@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Nesta materia impártense contidos teóricos e prácticos para que o alumnado adquira as habilidades necesarias para identificar os procesos e equipamentos de fragmentación, moenda e concentración adecuados a cada tipo de mena, en función das súas propiedades mineralóxicas e físicas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C5	Planificar, deseñar e xestionar instalacións de beneficio de recursos minerais e plantas metalúrxicas, siderúrxicas e industrias de materiais de construción.
C15	Planificar, deseñar e xestionar instalacións de tratamentos de recursos minerais, plantas metalúrxicas, siderúrxicas e industrias de materiais de construción, incluíndo materiais metálicos, cerámicos, sinterizados, refractarios e outros.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir o coñecemento básico para o deseño de plantas de tratamento mineralúrxicas.	C5 C15
Inclúe adquirir a capacidade de ter en conta todos os condicionantes ambientais e de seguridade e saúde no proceso de deseño da planta mineralúrxica, tendo en conta á normativa ambiental específica para xustificar dito deseño.	D14
Coñecer os aspectos clave que determinan a elección da maquinaria nas fases de fragmentación e clasificación.	C15 D14
Coñecer os procesos de liberación e concentración dos minerais con maior interese mineiro.	C5 C15
Inclúe adquirir a capacidade de ter en conta todos os condicionantes ambientais e de seguridade e saúde no proceso de selección do proceso mineralúrxico e saber referirse á normativa ambiental específica para xustificar dita elección.	D14
Coñecer as propiedades dos minerais que inflúen na eficacia dos diferentes tratamentos mineralúrxicos.	C5 D14
Calcular balances de masas en plantas de tratamento de fragmentación e clasificación.	C5 C15 D14

Contidos

Tema	
UNIDADE DIDÁCTICA 1: Introducción á mineralurxia e a súa tecnoloxía	Recursos minerais Conceptos de xacemento, mineral de mina, mena, ganga, concentrado, cola, todo uno, lei. ratios para avaliar a eficacia do proceso de beneficio mineral. Diagramas de fluxo.

UNIDADE DIDÁCTICA 2. Redución de tamaño.	Tipos de fragmentación e etapas Fragmentación por machacadoras de mandíbulas, xiratorias e conos. Fragmentación por percusión: muíños de martelos e mixtos Fragmentación por procesos mixtos: barras, bolas e autóxenos Casos prácticos de circuitos de cálculo de balance de masas en circuitos con machacadoras e muíños.
UNIDADE DIDÁCTICA 3. Control de Tamaño e Clasificación	Fundamento da clasificación directa e indirecta. Equipos. Casos prácticos de cálculo de balance de masas de circuitos con clasificadoras en seco, en húmido e traballando con pulpas.
UNIDADE DIDÁCTICA 4. Concentración gravimétrica	Fundamentos e equipos de clasificación gravimétrica en auga a en medio denso (DMS)
UNIDADE DIDÁCTICA 5. Separación magnética.	Fundamentos e equipos da separación magnética e equipamento. Menas que poden separarse mediante este método.
UNIDADE DIDÁCTICA 6. Separación electrostática.	Fundamentos e equipos da separación electrostática. Menas que se poden separar mediante esta técnica.
UNIDADE DIDÁCTICA 7: Flotación	Fundamentos da flotación. Reactivos e variables da flotación. Análises de diferentes casos de estudo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	6	9	15
Resolución de problemas	6	15	21
Lección maxistral	8	15	23
Saídas de estudo	4	7	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	2	3.5
Estudo de casos	0.5	1	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. As prácticas están concibidas de maneira que o alumnado teña que aplicar os coñecementos teóricos para enriquecer en laboratorio unha mostra natural de diferentes menas. No desenvolvemento da práctica deberá tomar decisións sobre os procesos a aplicar tendo en conta aspectos económicos e ambiental que condicionan a sustentabilidade dunha explotación e o progreso científico da técnica.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a aplicación de rutinas, fórmulas ou algoritmos e a interpretación dos resultados. Utilízase como complemento da lección maxistral. Trabállanse de maneira transversal aspectos medioambientais como criterio a ter en conta na valoración da idoneidade dos procesos mineralúrxicos economicamente máis interesantes.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado. Como recursos docentes complementarios, proxectaranse vídeos sobre aplicacións prácticas específicas. Co propósito de fomentar a igualdade de xénero e trasladar referentes femininos, utilizaranse vídeos protagonizados por mulleres que describen actividades relacionadas cos contidos da materia.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo. Neste caso, visitarase unha explotación mineira que posúe planta de tratamento e beneficio de varios recursos mineiros.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).
Prácticas de laboratorio	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas cas prácticas, tanto de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).

Resolución de problemas	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).
-------------------------	---

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas de laboratorio	Na avaliación terase en conta a asistencia ás prácticas de laboratorio e o aproveitamento das mesmas, a través da entrega dun boletín da experiencia e a corrección do mesmo. A nota desa metodoloxía será como máximo de 1,5 punto sobre 10. Avalía os seguintes resultados de aprendizaxe: - Coñecer os procesos de liberación e concentración dos minerais con maior interese mineiro. - Coñecer as propiedades dos minerais que inflúen na eficacia dos diferentes tratamentos mineralúrxicos. - Calcular balances de masas en plantas de tratamento de fragmentación e clasificación.	15	C5 C15	D14
Resolución de problemas	O alumnado deberá resolver un BOLETÍN DE PROBLEMAS, os cales se traballan previamente na aula ao longo do curso; este boletín será avaliado até un máximo de 1,5 puntos sobre 10 da nota global. Avalía os resultados de aprendizaxe: 1) Calcular balances de masas en plantas de tratamento de fragmentación e clasificación; 2) Adquirir o coñecemento básico para o deseño de plantas de tratamento mineralúrxicas; 3) Coñecer os aspectos clave que determinan a elección da maquinaria nas fases de fragmentación e clasificación.	15	C5 C15	
Lección maxistral	Os contidos teóricos son avaliados mediante cuestionarios tipo test e mediante a resolución de casos prácticos. A puntuación máxima que pode alcanzarse é un 2 sobre 10. Avalía a adquisición do coñecemento sobre os procesos de liberación e concentración dos minerais con maior interese mineiro e as propiedades dos minerais que inflúen na eficacia dos diferentes tratamentos mineralúrxicos.	20	C5 C15	
Exame de preguntas de desenvolvemento	A destreza na resolución de problemas de carácter práctico (dimensionamento de equipos, cálculos de recuperación e leis en procesos de clasificación e de separación) avalíase mediante unha proba escrita que ten un peso de 3 puntos sobre 10. Avalía os seguintes resultados de aprendizaxe: 1) Coñecer os procesos de liberación e concentración dos minerais con maior interese mineiro; 2) Coñecer as propiedades dos minerais que inflúen na eficacia dos diferentes tratamentos mineralúrxicos; 3) Coñecer os aspectos clave que determinan a elección da maquinaria nas fases de fragmentación e clasificación. 4) Adquirir o coñecemento básico para o deseño de plantas de tratamento mineralúrxicas	30	C5 C15	
Estudo de casos	A destreza no cálculo de cocientes e no razoamento dos resultados obtidos a partir de diferentes supostos ou casos de estudo avalíase mediante unha proba obxectiva que ten un peso na avaliación final de 2 sobre 10. Avalíanse o resultados de aprendizaxe 3) coñecer os aspectos clave que determinan a elección da maquinaria nas fases de fragmentación e clasificación e 4) adquirir o coñecemento básico para o deseño de plantas de tratamento mineralúrxicas	20	C5 C15	D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua (EC), primeira convocatoria.

Nesta modalidade, as actividades para realizar son:

1. avaliación dos contidos de lección maxistral a través de cuestionarios tipo test realizados durante todo o cuadrimestre (2 puntos). Para que esta actividade compute na avaliación, débese obter polo menos 1.2 puntos sobre 2.
2. entrega de boletín de problemas segundo o traballado en aula durante todo o cuadrimestre (1,5 puntos). Para que esta actividade compute na avaliación, débese obter polo menos 0,7 puntos sobre 1,5.
3. asistencia a prácticas de laboratorio (fixadas en calendario) con entrega dos exercicios resoltos (1,5 punto).
4. resolución de exercicio práctico (estudo de casos) sobre cálculo de cocientes (2 puntos).
5. resolución de exercicios de dimensionamento de equipos, cálculo de rendementos en procesos de clasificación e de concentración (exame de preguntas de desenvolvemento) (3 puntos).

A actividade 5 realízase na data oficial de avaliación ordinaria.

Avaliación continua (EC), segunda oportunidade

Lévase a cabo nos mesmos termos que a EC en primeira oportunidade, salvo o que respecta a:

- Prácticas de laboratorio. Ao tratarse de sesións fixadas en calendario, non é posible repetilas. Se non se asiste nas datas oficiais (e non se xustifica a non asistencia), ofrécese a posibilidade de entregar igualmente o exercicio realizado pero a non asistencia (sen xustificación) penaliza a nota desta actividade en 0,8 puntos.
- Cuestionarios tipo test e boletín de problemas: se non se alcanzan as notas mínimas indicadas para estas dúas actividades, ofrécese a oportunidade de repetir as entregas para superar a nota mínima.
- O exercicio práctico (estudo de casos) sobre cálculo de cocientes (2 puntos) poderase entregar previamente á data oficial de exame en segunda oportunidade ou ser avaliada en dita data oficial xunto co exame de preguntas de desenvolvemento.

Avaliación global (EG), primeira e segunda oportunidades:

O alumnado pode renunciar á avaliación continua, o que deberá comunicar canto antes ao profesorado respectando os prazos indicados na normativa vixente. Se se renuncia á EC, o alumnado será avaliado na data oficial de avaliación mediante unha proba escrita que cubra todos os contidos da materia.

As datas e os lugares do exame pódense consultar na páxina web do centro: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

WILLS, B.A., **Mineral Processing Technology.**, 8, Kidlington, Oxford : Butterworth-Heinemann, cop. 2, 2016

Blazy, Pierre, **El beneficio de los minerales : (manual de mineralurgia)**, Madrid : Rocas y Minerales, D.L., 1977

LUIS FUEYO, **EQUIPOS DE TRITURACION, MOLIENDA Y CLASIFICACION: TECNOLOGIA, DISEÑO Y APLICACION** , 2, ROCAS Y MINERALES, 1999

Kelly, Errol G.; Spottiswood, David J., **Introduction to mineral processing** , [New York] : [s.n.], cop. ISBN 0-471-03379-0, 1989

Mular, Andrew L.; Bhappu, Roshan B (ed. lit.), **Diseño de plantas de proceso de minerales**, 2, Madrid : Rocas y Minerales, D.L., 1982

Mular, Andrew L., Halbe, Doug N.; Barratt, Derek J. (ed. lit.), **Mineral processing plant design, practice, and control proceedings** , Littleton (Colorado) : Society for Mining, Metallurgy, 2002

A. Gupta; D.S. Yan, **Mineral processing design and operation**, 1, Amsterdam ; Boston : Elsevier., 2006

Bibliografía Complementaria

WOMINARS WIMSPAIN, **VIDEOS SOBRE DIVERSAS TEMÁTICAS RELATADOS POR MUJERES TECNÓLOGAS**,

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Explotación sostible de recursos mineiros				
Materia	Explotación sostible de recursos mineiros			
Código	V09M148V11114			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Araújo Fernández, María			
Profesorado	Araújo Fernández, María			
Correo-e	maraujo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumno coñeza a terminoloxía e a base tecnolóxica empregada no ámbito da industria mineira e da explotación dos recursos mineiros, así como a súa sostibilidade. Coñeza de forma detallada os diferentes métodos de explotación empregados en minería subterránea e de ceo aberto, os sistemas de explotación e as diferentes condicións de uso de cada un deles. Coñeza en detalle o ciclo mineiro básico, así como a tecnoloxía dispoñible e os equipos empregados nas distintas operacións do ciclo. Calcule e dimensione correctamente determinados servizos mineiros imprescindibles para a seguridade e o correcto funcionamento das explotacións. Estas nocións de carácter tanto teórico como práctico, deben permitir ao alumno resolver problemas reais e dominar a terminoloxía e a tecnoloxía de carácter tan específico nesta disciplina.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C2	Planificar, proxectar, inspeccionar e dirixir explotacións de xacementos e outros recursos xeolóxicos.
C5	Planificar, deseñar e xestionar instalacións de beneficio de recursos minerais e plantas metalúrxicas, siderúrxicas e industrias de materiais de construción.
C14	Coñecer a tecnoloxía de explotación de recursos minerais.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D10	Comprender a transcendencia dos aspectos relacionados coa seguridade e saber transmitir esta sensibilidade ás persoas do seu entorno.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Dominar a terminoloxía do ámbito da industria e a tecnoloxía de explotación de minas. Inclúe a inmersión e coñecemento das implicacións de carácter multidisciplinar da industria e tecnoloxía mineiras: técnico-económicas, sociais, lexislativas, ambientais e de seguridade e saúde. Reflexión e análise de temas éticos e sociais relacionados coa Industria Mineira.	C2 D8 D10 D14
Realizar unha primeira aproximación ao deseño do oco mineiro dunha explotación a ceo aberto para casos sinxelos.	C2 C14 D8
Seleccionar o equipamento mineiro para as operacións de arranque, carga e transporte nun ciclo de produción convencional. Implica aprender a consultar bases de datos e outras fontes de información específicas relacionadas con maquinaria mineira.	C2 C14 D10
Identificar nos ocos mineiros os elementos clave xeolóxicos e xeométricos que definen o método de explotación. Implica analizar e coñecer os aspectos fundamentais que condicionan a selección do método de explotación idóneo para a explotación dun determinado recurso mineral, problema complexo de carácter multidisciplinar que abarca aspectos técnicos, sociais, económicos, de seguridade e saúde e de tipo medioambiental.	C2 C5 C14 D8 D10 D14

Identificar os elementos clave e as prioridades na integración da minería no desenvolvemento sostible dos recursos minerais. Inclúe adquirir a capacidade de ter en conta todos os condicionantes técnico-económicos, ambientais e de carácter normativo necesarios para dita integración, e aprender a consultar e aplicar códigos de boas condutas.

C2
C5
D8
D10
D14

Contidos

Tema	
A EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS MINEIROS. A INDUSTRIA MINEIRA	Definicións e terminoloxía en minería. O concepto actual de minería. Clasificación das sustancias minerais. Características diferenciais das industrias mineiras. Panorama actual dos recursos minerais no mundo e en España. Implicacións de carácter multidisciplinar da industria e tecnoloxía mineiras: técnico-económicas, sociais, lexislativas, ambientais e de seguridade e saúde. Códigos de boas condutas.
MÉTODOS DE EXPLOTACIÓN E SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN	Métodos e sistemas de explotación. O ciclo mineiro principal e auxiliar.
NATUREZA E ÁMBITO DA MINERÍA A CEO ABERTO	Ciclo mineiro principal e auxiliar en minería a ceo aberto. Maquinaria de arranque, carga, transporte e servizos en minería. Terminoloxía usada na minería a ceo aberto. Ratio Xeométrico e Económico. Introducción á planificación mineira. Dimensionado de equipos. Aspectos fundamentais que condicionan a selección do método de explotación a ceo aberto idóneo para a explotación dun determinado recurso mineral: aspectos técnico-económicos, sociais, de seguridade e saúde e de tipo ambiental.
CANTEIRAS PARA MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E OBRA PÚBLICA	Técnicas de arranque de rocas ornamentais. Características xerais das canteiras de materiais de construción e obra pública. Ciclo básico de produción. Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios do método de explotación.
CORTAS	Descrición do método de explotación por corta. Campo de aplicación e deseño básico dunha corta. Equipos empregados. Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios do método de explotación.
MINERÍA POR TRANSFERENCIA	Descrición do método de explotación por transferencia. Método de explotación por descuberta. Campo de aplicación, sistemas de explotación. Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios do método de explotación.
MINERÍA QUÍMICA	Minería por lixiviación: ciclo básico de produción. Sistemas de lixiviación. Comparación dos sistemas de lixiviación. Outros métodos de minería química. Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios do método de explotación.
NATUREZA E ÁMBITO DA MINERÍA SUBTERRÁNEA	Labores de infraestrutura, preparación e arranque. Terminoloxía empregada en minería subterránea: labores e operacións. Implantación mineira. Clasificación dos métodos de explotación por minería subterránea. Ciclo mineiro de produción e auxiliar en minería subterránea. Equipos. Distribución de tensións ao redor de escavacións. Campo de influencia dunha escavación. Resposta do macizo rochoso durante a actividade das fronteiras de produción. Formas de controlar os ocos mineiros. Aspectos fundamentais que condicionan a selección do método de explotación idóneo para a explotación subterránea dun determinado recurso mineral: aspectos técnico-económicos, sociais, de seguridade e saúde e de tipo ambiental.
MÉTODOS DE EXPLOTACIÓN CON SOSTEMENTO NATURAL	Aspectos xerais sobre os métodos con sostemento natural. "Cámaras e pilares". Teoría da área atribuída. "Cámaras e pilares" en minería metálica. "Cámaras e pilares" en carbón. "Cámaras vacías con arranque desde subniveles". Campo de aplicación, xeometría do método, arranque con barrenos en paralelo e en abanico, vantaxes e limitacións. "Cámaras vacías con grandes barrenos". "Cámaras vacías con voadura con cargas esféricas (VCR)". Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios dos métodos de explotación.
MÉTODOS DE EXPLOTACIÓN CON SOSTEMENTO ARTIFICIAL	Mecanismos de comportamento do "relleno". Análise das tensións ao redor dunha cámara con "corte e relleno". Campo de aplicación dos métodos con "corte e relleno". "Método de explotación por corte e relleno ascendente". "Método de explotación por corte e relleno descendente". Tipos de "relleno" e propiedades. Parámetros preliminares da operación de "relleno". Aspectos técnico-económicos ambientais e de seguridade e saúde, propios dos métodos de explotación.

Identificar os tipos e as características esenciais dos minerais que facilitan o seu beneficio. Normativa.	C15 D3 D8

Interpretar os distintos diagramas de fluxo das plantas de obtención de minerais e materiais. Identificar os puntos chave relacionados coa seguridade e problemas ambientais en cada caso.

C5
C8
C15
D3
D7
D8
D10

Avaliar cada unha das distintas etapas (concentración física, concentración química, recuperación e afino, conformado) necesarias para obter materiais a partir de minerais coa calidade e forma que esixe o cliente. Debe ser capaz de determinar o consumo enerxético do proceso completo empregando métodos analíticos.

C5
C8
C15
D3
D5
D6
D7
D8

Determinar e dimensionar cada un dos sistemas que interveñen nos procesos de obtención de materiais. Coñecer e comprender o funcionamento dos distintos programas de simulación e optimización das plantas de tratamentos de minerais e metalúrxicas.

C8
C9
C13
C15
D3
D4
D6
D7

Identificar os efectos negativos dos residuos da industria de minerais e materiais. Aplicar os sistemas de rexeneración dos devanditos residuos que os faga compatibles co medio ambiente.

C8
C9
D3
D5
D6
D7
D8

Contidos

Tema

Introdución	Clasificación de Minerais: industriais, metálicos, áridos, rocas ornamentais. Clasificación de Materiais: Metálicos, Non metálicos. Normativa en cada caso
Concentración Física de minerais	Circuitos de trituración e moenda. Sistemas de Clasificación. Flotación: Circuitos. Plantas de tratamento de minerais. Diagramas de Fluxo. Axuste de Datos no balance de materia mediante o programa BILCO (CASPEO). Simulación e optimización de procesos empregando USIMPAC (CASPEO).
Tratamento de Concentrados non metálicos	Diagramas de fluxo de Planta. Fornos. Balances de Materia e Enerxía. Post tratamento de minerais industriais. Normativa de vidros, cementos e formigón. Novas tecnoloxías asociadas a enxeñaría do cemento, asociadas á diminución do emprego de materias primas naturais. Axuste de Datos no balance de materia mediante o programa BILCO (CASPEO).
Siderurxia	Integral: Diagrama de fluxo de operacións de cabeceira; forno alto, acería. Eléctrica: Forno eléctrico. Selección do proceso de afino secundario. Balance de Materia e Enerxía. Problemas asociados á produción do CO ₂ , solucións innovadoras expostas pola industria.
Plantas de obtención de metais non férreos	Diagramas de fluxo de obtención de ouro, uranio, zinc, cobre, aluminio. Fornos. Balance de Materia e Enerxía. Cubas electrolíticas. Circuitos de lixiviación. Balance de Materia e Enerxía empregando programas de computador utilizados na industria metalúrxica: HSC Chemistry (OUTOTEC).
Tratamento de residuos de plantas de tratamento de Materiais	Gases. Escorias. Licores de Lixiviación. Lodos. Normativa e tratamentos.
Conformado de materiais	Fundición en molde de area, coquilla e inxección. Obtención por laminación de produtos planos, longos. Obtención de semiproductos e pezas por extrusión. Forxa.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0.5	0	0.5
Lección maxistral	9	10	19
Resolución de problemas	12	12	24
Seminario	8.5	17	25.5
Saídas de estudo	4	0	4

Aprendizaxe baseado en proxectos	0	10	10
Prácticas de laboratorio	10	4	14
Presentación	1	0	1
Eventos científicos	0	2	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	15	17
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Farase introdución do curso, temario, fontes bibliográficas, distintas actividades e sistema de avaliación
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos máis complexos da materia, así como as bases teóricas e directrices do traballo. Serán clases participativas para incidir nos aspectos de máis dificultade.
Resolución de problemas	Realizaranse unha serie de problemas de forma individual en clase co apoio do profesor para as partes máis complexas
Seminario	Estudo en pequenos grupos de temas concretos para profundar nos contidos da materia. Aplicarase aprendizaxe colaborativo.
Saídas de estudo	Polo menos unha visita a empresas mineralúrxica e/ou metalúrxica da zona co que se pretende que o alumnado entenda o carácter multidisciplinar desta enxeñaría: os seus aspectos económicos e sociais, así como as medidas de seguridade e saúde que se expoñen, sen esquecerse da súa problemática enerxética e ambiental.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Faranse grupos de ABP (aprendizaxe baseada en proxectos) de tres persoas que desenvolven o traballo que se lles encargue enmarcado no temario da materia
Prácticas de laboratorio	Prácticas en Laboratorio Informático
Presentación	Presentación de cada grupo do traballo de ABP
Eventos científicos	Esta metodoloxía está orientada a traballar a perspectiva de xénero na materia. Os estudantes terán algunhas charlas en MOOVI para visionar e logo contestar cuestións. Ditas charlas están relacionadas con temas de actualidade na Enxeñaría de Minerais e Materiais. Os aspectos que se tratan poden estar relacionados coa sustentabilidade da industria mineralúrxica e metalúrxica, novos materiais, novas tecnoloxías... As charlas serán impartidas por mulleres expertas nestes temas con obxecto de visibilizar a súa presenza neste ámbito.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolverase en titorías e vía correo electrónico calquera dúbida que xurda do temario de clase expositiva. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	Resolverase en titorías e vía correo electrónico calquera dúbida que xurda nos seminarios. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Presentación	Daranse indicacións en titorías de como realizar de mellor modo a presentación. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Aprendizaxe baseado en proxectos	En titorías orientarase aos alumnos na realización do traballo grupal. Calquera dúbida resólvese a todo o grupo, non se resolven dúbidas individuais. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Resolución de problemas	Nas clases de problemas resolverase algún de modo individual ou grupal que se entregarán para a súa avaliación. Resultado de aprendizaxe: Avaliar cada unha das distintas etapas (concentración física, concentración química, recuperación e afino, conformado) necesarias para obter materiais a partir de minerais coa calidade e forma que esixe o cliente. Calcular empregando métodos numéricos e analíticos o consumo enerxético de cada etapa. Dimensionamento de plantas empregando métodos matemáticos. Cálculos matemáticos asociados á Enxeñaría do Cemento e a súa aplicación	5	C5 C9 C13 C15	D4 D5 D6
Aprendizaxe baseado en proxectos	Repartiranse tarefas en grupos de tres, para que realicen en grupo. O traballo escrito valerá a metade da puntuación. Avaliarase o traballo distintos puntos de vista: a- Bibliografía incorporada. Como se incorporou e se se aplicou o revisor de plaxio. b- Aplicación de coñecementos adquiridos na enxeñaría de minerais e materiais. c- Inclusión de tecnoloxías novas nesa planta ben por que o utilice ou porque sería conveniente para mellorar o proceso. Avaliación do risco. d-Avaliación cualitativa do proceso tendo en conta aspectos sociais, económicos, seguridade e saúde, e medio ambiente. e- No caso de que sexan plantas, poden ser, en funcionamento ou non, serán en España e/ou Portugal. Incorporación de datos doutras plantas no mundo. d- Que estea ben redactado e sen faltas de ortografía, empregando correctamente a linguaxe técnica. Nunha reunión co grupo realizaranse unha serie de preguntas sobre o traballo a cada membro do grupo. Todos os membros do grupo deben ser capaces de contestar. Das respostas obtidas obtense a outra metade da nota. Aquí débese demostrar o coñecemento do traballo, e se se fixo en equipo.	20	C5 C8 C9 C15	D3 D4 D5 D6 D7 D8 D10
Prácticas de laboratorio	Avaliación das entregas ao finalizar as prácticas realizadas na aula informática: Balance de Materia e Enerxía de plantas metalúrxicas (HSC Chemistry) Axuste de datos por balance de materia de plantas mineralúrxicas e metalúrxicas (BILCO) 2 prácticas de modelización e simulación de procesos mineralúrxicos (USIMPAC)	15	C5 C8 C9 C13	D3 D6 D7
Presentación	Avaliación polos/as compañeiros/as e o profesorado, a modo de rúbrica, a exposición realizada do traballo. Teranse en conta tanto a presentación das diapositivas, como a competencia comunicativa. Resultados de aprendizaxe: Interpretar os distintos diagramas de fluxo das plantas de obtención de minerais e materiais.	5	C5 C9 C13	D5 D7 D8 D10
Resolución de problemas e/ou exercicios	En data de exame o estudante de modo individual resolverá algún problema dos propostos ao longo do curso, con obxecto de avaliar a súa competencia. Resultado de aprendizaxe: Avaliar cada unha das distintas etapas (concentración física, concentración química, recuperación e afino, conformado) necesarias para obter materiais a partir de minerais coa calidade e forma que esixe o cliente. Calcular empregando métodos numéricos e analíticos o consumo enerxético de cada etapa. Dimensionamento de plantas empregando métodos matemáticos. Cálculos matemáticos asociados á Enxeñaría do Cemento e a súa aplicación	20	C5 C8 C9 C15	D3 D4 D5 D6 D7 D8 D10

Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse ao longo do curso tres probas de resposta curta para avaliar o seguimento do curso (cada proba será eliminatoria se a nota obtida é superior a 7). Valen o 15% e ao finalizar o curso outra proba que vale en 25%. Resultados de aprendizaxe: Identificar os tipos e as características esenciais dos minerais que facilitan o seu beneficio. Interpretar os distintos diagramas de fluxo das plantas de obtención de minerais e materiais. Entender e analizar cada unha das operacións que interveñen nas plantas mineralúrxicas e metalúrxicas. Coñecer os problemas ambientais que conleva esta industria e as posibles solucións. Coñecer o significado dos termos empregados no ámbito da Enxeñaría de Minerais e Materiais.	15	C5 C8 C9 C13 C15	D3 D5 D6 D8 D10
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas curtas na que se avaliarán os resultados de aprendizaxe. Inclúiranse preguntas obxectivas relativas aos coñecementos adquiridos. Resultados de aprendizaxe: Identificar os tipos e as características esenciais dos minerais que facilitan o seu beneficio. Interpretar os distintos diagramas de fluxo das plantas de obtención de minerais e materiais. Entender e analizar cada unha das operacións que interveñen nas plantas mineralúrxicas e metalúrxicas. Coñecer os problemas ambientais que leva esta industria e as posibles solucións. Coñecer o significado dos termos empregados no ámbito da Enxeñaría de Minerais e Materiais.	20	C5 C8 C9 C13 C15	D3 D5 D7 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua (2ª Oportunidade)

Na segunda oportunidade manteranse o 15% do informe de prácticas+20% ABP + 5% de presentación. O resto obterase de:

- Proba de preguntas de teoría a desenvolver (30%)-data do exame, preguntas curtas nas que se avaliarán os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
- Proba de exercicios e problemas (30%)-data do exame, resolución de problemas e exercicios na data do exame.

Avaliación global (1ª e 2ª oportunidade)

- Proba de preguntas de teoría a desenvolver (40%) y exercicios (40%) - Data da exame. Será distinto, en calquera caso, da proba de avaliación continua. Inclúiranse nesta proba os coñecementos adquiridos coa documentación proporcionada en MOOVI e a bibliografía obrigatoria.
- Exercicio a resolver empregando algún dos *softwares* utilizados en as prácticas de informática (20%).

Para renunciar á avaliación continua dase un prazo de 2 meses.

O alumnado que por motivos laborais non poida asistir a clase e non realice a avaliación continua, se quere, se lle titorizará todo o cuadrimestre propoñéndolle semanalmente exercicios, problemas, cuestionarios e traballos, que se lle corruxirán para que poida seguir avanzando. Calquera dúbida que se expoña se solucionará en titorías semanais. Este traballo destes estudantes non formará parte de ningunha avaliación continua e a nota que obterán será a do exame final.

Calendario de probas. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ballester, A.; Verdeja, L.F; Sancho, **Metalurgia Extractiva II**, Síntesis, 2000

Ghosh, A., Chattgerjee, A., 2008, **Ironmaking and Steelmaking**, PHI learning, 2008

Bibliografía Complementaria

Wills, Flinch, **Wills' Mineral Processing Technology**, 8, Butterwörth-Heinemann, 2016

Gupta, **Mineral processing design and operation**, 2, Elsevier, 2016

Alan Fine and Gordon H. Geiger,, **Handbook on material and energy balance calculations in metallurgical processes**,, 3, Wiley, 2011

Terkel Rosenqvist, **Principles of extractive metallurgy**,, 2, Herndon Estados Unidos : TechBook, 1983

Vignes, A., **Extractive Metallurgy 3**, Wiley, 2016

www.steeluniversity.org, **Portal de Siderurgia**,

<https://wimspain.com/>, **Portal de Mujeres en la Minería**,

Michael L. Free, **Hidrometallurgy**, Wiley, 2013

Rao, **Stoichiometry and thermodynamics of metallurgical processes**, Cambridge, 1985

Serope Kalpakjian, Steven R. Schmid, **Manufactura, ingeniería y tecnología**,, Pearson, 2015

Mamlouk,M., Zaniewski, J.P, **Materiales para Ingeniería Civil**, Pearson, 2009

Recomendaciones

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enxeñaría de Explosivos				
Materia	Enxeñaría de Explosivos			
Código	V09M148V11203			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Delgado Marzo, Fernando			
Profesorado	Delgado Marzo, Fernando			
Correo-e	fdelgado@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumno adquira os coñecementos e destrezas necesarias para levar a cabo o deseño e dirección de voaduras, tanto no ámbito mineiro como no das obras públicas. Para iso os coñecementos a adquirir nesta materia vanse a centrar en comprender e aplicar a teoría xeral de voaduras. Comprender a interrelación entre as diferentes compoñentes do custo de fragmentación por voadura e a súa influencia no deseño de voaduras. Comprender a importancia do control de vibracións, a súa orixe, as magnitudes e o dano que poden ocasionar nas estruturas. Levar a cabo o deseñar voaduras con control de vibracións, con control de danos no macizo, voaduras subacuáticas así como outras técnicas menos habituais. Coñecer a lexislación en materia de seguridade en pirotecnia e coñecer os fundamentos da fabricación de explosivos así como a regulamentación respecto diso. Estas nocións tanto teóricas como prácticas, deben permitir ao alumno poder afrontar o deseño de calquera tipo de voadura que se atope ao longo da súa carreira profesional, ademais de outorgarlle unha serie de coñecementos que lle permitan resolver de forma satisfactoria calquera problema real relacionado co mesmo, ao ser capaz de entender que variables de deseño teñen unha influencia significativa nos resultados.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Comprender os múltiples condicionamentos de carácter técnico, legal e da propiedade que se expoñen no proxecto dunha planta ou instalación, e establecer diferentes alternativas válidas, elixir a óptima e plasmala adecuadamente, prevendo os problemas do seu desenvolvemento, e empregando os métodos e tecnoloxías máis adecuadas, tanto tradicionais como innovadoras, coa finalidade de conseguir a maior eficacia e favorecer o progreso e un desenvolvemento da sociedade sostible e respectuoso co medio ambiente.
B2	Coñecer, comprender e aplicar la lexislación necesaria no exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Minas.
C11	Proxectar, xestionar e dirixir a fabricación, transporte, almacenamento, manipulación e uso de explosivos e pirotecnia.
D7	Asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.
D10	Comprender a transcendencia dos aspectos relacionados coa seguridade e saber transmitir esta sensibilidade ás persoas do seu entorno.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Deseñar voaduras ao descuberto e subterráneas	B1 C11 D7
Deseñar voaduras con control de vibracións	B2 C11 D7
Deseñar voaduras con control de danos ao macizo	B1 D7 D10
Custos, fragmentación e proxeccións de voaduras	B1 D7 D10

Contidos

Tema

Proxecto de deseño de voaduras en banco a ceo aberto	Variables xeométricas que afectan o deseño Esquemas de perforación Secuenciación de aceso e tempos de retardo Selección do explosivo
Proxecto de voaduras de contorno	Obxectivos Fundamentos e principios de deseño Técnicas de contorno Explosivos utilizados
Proxecto de voaduras en túnel	Introdución Tipos de cueles Parámetros de deseño Secuencia de aceso
Análise e mitigación dos efectos indesexados en voaduras	Proxeccións Vibracións Onda aérea
Os custos de fragmentación	Análise da fragmentación obtida Custo de perforación Custo da operación de carga Custo dos explosivos e accesorios Custo de taqueo Custo de carga, transporte e trituración
Voaduras subacuáticas	Introdución Métodos de execución Parámetros de deseño Tipos de explosivos
Outras voaduras	Gabias Voaduras de máximo desprazamento Voaduras para produción de escollera Voaduras secundarias
Pirotecnia	Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería (R.D. 563/2010)
Fabricación de explosivos	Tipos de explosivos Fabricación

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	18	30
Traballo tutelado	26	22	48
Prácticas con apoio das TIC	10	30	40
Traballo	1	30	31
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver
Traballo tutelado	Redacción dun proxecto de voadura real
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de problemas de deseño de voaduras mediante o emprego de follas de cálculo, así como de programas informáticos destinados a tal fin.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado atenderá as dúbidas no correspondente horario de titorías
Prácticas con apoio das TIC	O profesorado asesorará sobre a implementación da resolución dos exercicios nunha folla de cálculo ou do manexo de software específico
Traballo tutelado	O profesor resolverá as dúbidas que xurdan no desenvolvemento do traballo

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Lección maxistral	Exame escrito, sobre a parte teórica da materia, consistente en preguntas de resposta curta	30	B1 B2		
Prácticas con apoio das TIC	Avaliación dos informes de prácticas	30		C11	D7
Traballo	Defensa durante 15 minutos dun traballo relacionado coa materia e que sexa tutelado polo profesorado. Esta metodoloxía avaliará os seguintes resultados de aprendizaxe: - Comprender e aplicar a teoría xeral de voaduras. - Comprender a interrelación entre as diferentes compoñentes do custo de fragmentación por voadura e a súa influencia no deseño de voaduras. - Comprender a importancia do control de vibracións, a súa orixe, as magnitudes e o dano que poden ocasionar nas estruturas. - Deseñar voaduras con control de vibracións, con control de danos no macizo, voaduras subacuáticas así como outras técnicas menos habituais.	40	B2	C11	D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua

O alumnado realizará 5 prácticas en aula con apoio TIC titorizadas que deberá completar de forma autónoma e entregar unha semana despois da súa realización o correspondente informe.

O último día de clase deberá presentar o traballo dun proxecto de voaduras que irán realizando ao longo do curso e que valerá 4 puntos

Finalmente, o día do exame realizará unha proba teórica do contido das clases maxistras impartidas e cuxo peso sobre a nota global será de 3 puntos.

O alumnado dispoñerá dun mes para indicar que renuncia á avaliación continua.

Segunda oportunidade

En segunda oportunidade o alumnado poderá entregar, con data límite o día do exame de segunda oportunidade, os traballos que non presentase ao longo do curso e que se citan na avaliación continua co mesmo porcentaxe sobre a nota global.

Avaliación global

O alumnado que renuncie á avaliación continua realizará un único exame que será teórico e práctico, sobre as clases maxistras e as prácticas de informática realizadas, cunha puntuación de 10 puntos.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

International Society of Explosives Engineers, **Blasters' Handbook**, 17th, 1998

Hustrulid, W., **Blasting principles for open pit mining. Vol 1. General Design Concepts**, A.A. BALKEMA. Rotterdam, Netherlands., 1999

Olofsson, S., **Applied explosives technology for construction and mining**, Applex A B. Ärla, Sweden, 2002

EXSA S.A., **Manual práctico de voladura**, EXSA. Lima, Perú, 2001

López Jimeno, C., López Jimeno, E. y García Bermúdez, P., **Manual de perforación y voladuras de rocas**, Carlos López Jimeno. Madrid, España, 2003

Carlos López Jimeno, Emilio López Jimeno, Pilar García Bermúdez, **Manual de voladuras en túneles**, Carlos López Jimeno. Madrid, España, 2010

Esteban Langa Fuentes, **Demoliciones por voladura**, Fueyo, 2011

Bibliografía Complementaria

Reglamento de artículos pirotécnicos y cartuchería, **(R.D. 563/2010)**, 2010

Zong-Xian Zhang, **Rock fracture and blasting: Theory and applications**, Butterworth-Heinemann, 2016

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enxeñaría Mineira				
Materia	Enxeñaría Mineira			
Código	V09M148V11204			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Alonso Prieto, Elena de las Mercedes			
Profesorado	Alonso Prieto, Elena de las Mercedes Delgado Marzo, Fernando			
Correo-e	ealonso@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	O obxectivo principal é identificar os aspectos clave nas operacións dunha explotación mineira, con especial atención á planificación mineira			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Comprender os múltiples condicionamentos de carácter técnico, legal e da propiedade que se expoñen no proxecto dunha planta ou instalación, e establecer diferentes alternativas válidas, elixir a óptima e plasmarla adecuadamente, prevendo os problemas do seu desenvolvemento, e empregando os métodos e tecnoloxías máis adecuadas, tanto tradicionais como innovadoras, coa finalidade de conseguir a maior eficacia e favorecer o progreso e un desenvolvemento da sociedade sostible e respectuoso co medio ambiente.
B2	Coñecer, comprender e aplicar a lexislación necesaria no exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Minas.
C2	Planificar, proxectar, inspeccionar e dirixir explotacións de xacementos e outros recursos xeolóxicos.
C7	Proxectar e executar instalacións de transporte, distribución e almacenamento de sólidos, líquidos e gases.
C8	Avaliar e xestionar ambientalmente proxectos, plantas ou instalacións.
C9	Proxectar e executar tratamentos de augas e xestión de residuos (urbanos, industriais ou perigosos).
C14	Coñecer a tecnoloxía de explotación de recursos minerais.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D5	Transmitir dun modo claro e en ambigüidades a un público especializado ou non, resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D12	Aplicar a lexislación vixente do sector, identificar os elementos clave do entorno social e empresarial do sector e relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de calquera dos aspectos da súa labor profesional.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar os aspectos clave na planificación mineira a curto, medio e longo prazo. Manexar software específico para planificación mineira e resolver casos sinxelos de planificación mineira	B1 B2 C2 C7 C14 D3 D5 D8
Identificar os principios básicos da sustentabilidade na actividade das explotacións mineiras e integrar estes principios no deseño de solucións tecnolóxicas.	B2 C2 C8 C9 D8 D12

Contidos

Tema	
Planificación mineira	Aspectos básicos da planificación mineira Planificación a longo, medio e curto prazo.
	A planificación mineira mediante o emprego de software específico. Deseño e elaboración de planos e plans de labores.
Xestión de estériles en *minería	Xestión de estériles en minaría subterránea e ao descuberto: caracterización, vertido, emprazamento, impacto ambiental.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	24	50
Estudo de casos	4	8	12
Prácticas con apoio das TIC	12	18	30
Saídas de estudo	6	6	12
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Exame de preguntas obxectivas	2	24	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvolo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación do coñecemento nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia a través do TIC.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O estudantado debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse as dúbidas e cuestións expostas polo estudantado durante o desenvolvemento da sesión maxistral e en horario de titorías
Estudo de casos	Atenderanse as dúbidas e cuestións expostas polo estudantado durante o desenvolvemento da sesión maxistral e en horario de titorías.
Prácticas con apoio das TIC	Atenderanse as dúbidas e cuestións expostas polo estudantado durante o desenvolvemento da sesión maxistral e en horario de titorías.

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
	Descrición				
Lección maxistral	Probas que avalían o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30	B1 B2	C2 C7 C8 C9 C14	D3 D5 D8 D12
Prácticas con apoio das TIC	Informes de prácticas	30		C7 C8	D5 D8
Resolución de problemas de forma autónoma	Proba na que o estudantado debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesorado	40		C7 C8 C9	D5 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua primeira oportunidade

Proba Avaliación Continua 1 (PEC1). Ao longo do cuadrimestre o estudantado realizará prácticas con apoio TIC e terá que

presentar un informe de prácticas, que ten un peso de 30% da cualificación final. A puntuación mínima requirida nesta proba é 1,2 puntos sobre un máximo de 3.

Probas Avaliación Continua 2 e 3 (PEC2 e PEC3). Ao longo do cuadrimestre o estudantado realizará dúas probas de avaliación consistentes na resolución de problemas de forma autónoma e presencial. A puntuación total das PEC2 e PEC3 é o 30% da nota final. É necesario alcanzar un mínimo de 1,2 puntos sobre 3 no conxunto PEC2+PEC3.

Proba Avaliación Continua PEC4. O 40 % restante da materia será avaliado na data oficial fixada polo centro nun exame de preguntas obxectivas. Será necesario alcanzar unha puntuación mínima de 1,6 sobre 4 puntos nesta proba. Si sumando as cualificacións de todas as probas de avaliación continua alcánzanse 5 puntos pero non se alcanza a puntuación mínima nalguna das probas considerarase a materia como non superada e a nota que figurará na acta da primeira oportunidade será 4,5 puntos.

Avaliación continua en segunda oportunidade:

O estudantado que supere algunha das PEC na primeira oportunidade non terá que repetir estas probas. Só terá que repetir as probas non superadas na primeira oportunidade no exame da data oficial da proba da segunda oportunidade.

Avaliación global

O estudantado que renuncie a avaliación continua será avaliado sobre todo o contido teórico e práctico que corresponderá co 100% da nota e deberá alcanzar un mínimo do 50% para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Juan Herrera Herbet, **Planificación minera. Conceptos y definiciones**, 2023

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas Avanzadas				
Materia	Matemáticas Avanzadas			
Código	V09M148V11205			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Matemática aplicada II			
Coordinador/a	García Lomba, Guillermo			
Profesorado	Fernández Manin, Generosa García Lomba, Guillermo			
Correo-e	guille@dma.uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia serve de base ás materias de simulación numérica aplicada en fluídos, sólidos, xeotecnia e procesos químicos. O obxectivo que se persegue con esta materia é que o alumnado adquira o dominio necesario para abordar e resolver problemas matemáticos avanzados en Enxeñaría de Minas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
B5	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría, mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, carboquímica, petroquímica e xeotecnia.
B6	Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. Formular, programar e aplicar modelos analíticos e numéricos avanzados de cálculo, proxecto, planificación e xestión, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de Minas.
B7	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, xeotecnia, carboquímica e petroquímica.
D6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do seu ámbito temático, en contextos interdisciplinarios e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia de coñecemento.
D13	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir o dominio necesario para abordar e resolver problemas matemáticos avanzados en Enxeñaría de Minas. Inclúe a procura de bibliografía científica específica relacionada coa materia.	B5 B6 B7 D13 D14
Comprender os fundamentos básicos da teoría de ecuacións en derivadas parciais no contexto do modelado analítico dos procesos.	B5 B6 B7 D14
Manexar as técnicas elementais de resolución numérica de ecuacións en derivadas parciais con vistas á simulación.	B5 B6 B7 D6 D14

Contidos
Tema

Coñecementos básicos de ecuacións en derivadas parciais.	Clasificación das ecuacións usando modelos matemáticos de exemplos de aplicación nas distintas áreas que continúan esta materia. Tipos de condicións de contorno e de condicións iniciais.
Resolución numérica de EDP.	Esquemas de discretización espacial: diferenzas finitas, elementos finitos, volumes finitos. Esquemas de integración temporal. Temas auxiliares: resolución de sistemas lineais e non lineais, integración numérica,...
Resolución numérica de problemas concretos usando COMSOL- Multiphysics.	Exemplos no marco das aplicacións en fluídos, sólidos, carboquímica e xeotecnia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	19	35	54
Resolución de problemas	5	10	15
Estudo de casos	4	8	12
Prácticas con apoio das TIC	20	30	50
Metodoloxías baseadas en investigación	0	5	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos métodos numéricos a utilizar e dos conceptos matemáticos necesarios para a resolución e comprensión dos mesmos.
Resolución de problemas	Resolución en clase, e de forma autónoma por parte do estudantado, de exercicios sobre os métodos numéricos.
Estudo de casos	Descrición desde o punto de vista teórico dos exemplos a resolver nas prácticas en aula informática.
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de modelos matemáticos de casos sinxelos no marco da súa aplicación en fluídos, sólidos, carboquímica e xeotecnia con COMSOL Multiphysics.
Metodoloxías baseadas en investigación	Proporase ao alumnado o estudo dun traballo científico-tecnolóxico (artigo, vídeo...) e a presentación do mesmo nun tempo aproximado de 5 minutos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións de titorización realizaranse preferentemente de forma presencial con concertación de cita previa. No caso de que non sexa posible, poderíase recorrer a medios telemáticos: correo electrónico, foros de Moovi e/ou o despacho virtual de Campus Remoto.
Prácticas con apoio das TIC	As sesións de titorización realizaranse preferentemente de forma presencial con concertación de cita previa. No caso de que non sexa posible, poderíase recorrer a medios telemáticos: correo electrónico, foros de Moovi e/ou o despacho virtual de Campus Remoto.
Resolución de problemas	Ofrécese ao alumnado a posibilidade de supervisión telemática dos exercicios que resolva de xeito autónomo, preferentemente de forma presencial con concertación de cita previa. No caso de que non sexa posible, poderíase recorrer a medios telemáticos: correo electrónico, foros de Moovi e/ou o despacho virtual de Campus Remoto.
Estudo de casos	As sesións de titorización realizaranse preferentemente de forma presencial con concertación de cita previa. No caso de que non sexa posible, poderíase recorrer a medios telemáticos: correo electrónico, foros de Moovi e/ou o despacho virtual de Campus Remoto.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas	Ao redor da metade do cuadrimestre farase na aula, no horario de clase, unha proba que consistirá en cuestións e a resolución dun exercicio sobre os contidos impartidos ata ese momento. Esta proba puntuará 2 puntos.	20	B5 B6 B7	D13 D14
	Con esta proba avalíanse os seguintes resultados de aprendizaxe:			
	- Adquirir o dominio necesario para abordar e resolver problemas matemáticos avanzados en Enxeñaría de Minas.			
	- Comprender os fundamentos básicos da teoría de ecuacións en derivadas parciais no contexto do modelado analítico dos procesos.			
Prácticas con apoio das TIC	Resolveranse no laboratorio, ao longo do cuadrimestre, 4 casos concretos plantexados en teoría, e que incluírán a análise de resultados. Cada un dos casos puntuará 1.25 puntos.	50	B6 B7	D6 D13
	Con estas probas avalíanse os seguintes resultados de aprendizaxe:			
	- Adquirir o dominio necesario para abordar e resolver problemas matemáticos avanzados en Enxeñaría de Minas.			
	- Manexar as técnicas elementais de resolución numérica de ecuacións en derivadas parciais con vistas á simulación.			
Metodoloxías baseadas en investigación	Estudo dun traballo científico-tecnolóxico (artigo, vídeo...) e presentación do mesmo nun tempo aproximado de 5 minutos.	0		D13
	Terase en conta para subir nota soamente no caso de que se aprobe a materia co resto de Metodoloxías/Probas.			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data e lugar sinalada pola comisión académica do máster para a avaliación final farase outra proba similar á anterior e puntuará 3 puntos.	30	B5 B6 B7	D13 D14
	Con esta proba avalíanse os seguintes resultados de aprendizaxe:			
	- Adquirir o dominio necesario para abordar e resolver problemas matemáticos avanzados en Enxeñaría de Minas.			
	- Comprender os fundamentos básicos da teoría de ecuacións en derivadas parciais no contexto do modelado analítico dos procesos.			

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación na **primeira oportunidade** do alumnado que se segue a **avaliación continua (EC)** levarase a cabo segundo se indica na táboa anterior.

Na **segunda oportunidade** de avaliación o alumnado que se segue a **avaliación continua (AC)** poderá repetir a última proba, mantendo a puntuación obtida nas probas de avaliación do cuadrimestre (casos concretos resoltos e proba de metade do cuadrimestre), ou poderá optar polo sistema de avaliación global.

Sistema de avaliación global: exame único sobre todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos, co que se avaliarán tódolos resultados de aprendizaxe da mesma. Este exame constará de dúas partes, terá unha duración total de entre 4 e 5 horas e realizarase sen a axuda de apuntamentos ou material auxiliar.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Johnson, C., **Numerical solution of partial differential equations by the Finite Element Method**, Dover Publications, 2009

Reddy, J.N., **An introduction to the Finite Element Method**, 2nd / 3rd ed., Mc Graw Hill, 1993 / 2006

Fernández Manín, G. - García, G., **Matemáticas Avanzadas. Notas de la asignatura**, 2022

Bibliografía Complementaria

Eriksson, K. - Estep, D. - Hansbo, P. - Johnson, C., **Computational differential equations**, Cambridge Univ. Press, 1996

LeVeque, R.J., **Finite Difference Methods for Ordinary and Partial Differential Equations: Steady State and Time Dependent Problems**, SIAM, 2007

Strickwerda, J.C., **Finite Difference Schemes and Partial Differential Equations**, 2nd ed., SIAM, 2004

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Simulación Aplicada a Mecánica de Sólidos				
Materia	Simulación Aplicada a Mecánica de Sólidos			
Código	V09M148V11301			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Alonso Prieto, Elena de las Mercedes			
Profesorado	Alonso Prieto, Elena de las Mercedes López-Cancelos Ribadas, Rubén			
Correo-e	ealonso@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Ao longo do transcurso da materia se traballan os aspectos relacionados coa simulación numérica aplicada á mecánica de sólidos, desde un punto de vista da súa utilización na práctica profesional da Enxeñaría de Minas. Para iso abordaranse tanto aspectos teóricos como prácticos sobre a metodoloxía de resolución dos problemas inxeñeriles na mecánica de sólidos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B6	Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. Formular, programar e aplicar modelos analíticos e numéricos avanzados de cálculo, proxecto, planificación e xestión, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de Minas.
B7	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, xeotecnia, carboquímica e petroquímica.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar os aspectos esenciais na simulación numérica en problemas de mecánica de fluídos	B6 B7 D14

Contidos

Tema	
Fundamentos da análise estrutural mediante MEF	Principio dos traballos virtuais Aproximación do campo de desprazamentos Discretización nun elemento, en dous e xeneralización da solución.
Fases da realización dun estudo por elementos finitos en mecánica de sólidos	Dominio xeométrico Material Mallado Definición do problema Resolución do problema Postproceso Refinado da malla Interpretación de resultados
Leis constitutivas	Elasticidade Elastoplasticidade Viscoplasticidade Comportamento lineal Comportamento non lineal

Tipoloxía dos elementos do MEF en sólidos	Elementos discretos (0D) Vigas, barras e cables (1D) Tubos (1D) Placas e láminas (2D) Elementos (3D)
Modelos	Tensións planas Deformacións planas Axisimétricos 3D
Deformacións de orixe térmica	Modelo Termo-mecánico Exemplos de casos acoplados nunha vía
Condições de contorno en mecánica de sólidos	Problemas estacionarios: - Condición de fronteira Dirichlet - Condición de fronteira Neumann Problemas evolutivos: - Condições de contorno - Condições iniciais
Validación do modelo dun problema	Solución exacta dun problema de mecánica de sólidos Aproximación mediante MEF.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	7	10	17
Resolución de problemas	4	21	25
Debate	1	0	1
Prácticas con apoio das TIC	12	18	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación de coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo, que se realizan en aulas de informática.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MOOVI).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Debate	Ao longo do curso expóranse preguntas ao alumnado que deberán responder adecuadamente xustificando razoadamente a resposta. Os resultados de aprendizaxe relacionados son: Resolver un problema diferenciando cada fase da simulación polo MEF: preproceso e xeración de malla, cálculo e resolución dos sistemas de ecuacións, postproceso. Escoller a lei constitutiva que mellor se axuste ao problema físico exposto. Realizar a selección do tipo e tamaño do elemento e o mallado do dominio. Empregar e coñecer as diferenzas entre elementos 0D, 1D, 2D e 3D. Escoller o modelo máis adecuado para a simulación do caso (Deformacións planas, tensións planas, axisimétricos e problemas 3D) Expor correctamente as condicións de contorno. Interpretar os resultados obtidos.	10
Prácticas con apoio das TIC	Ao longo do cuadrimestre realizaranse varias prácticas; cada unha terá un peso máximo do 20% da nota global da materia. Valorarase o grao de consecución das prácticas así como a implicación do alumno á hora de obter o obxectivo das mesmas. Os resultados de aprendizaxe relacionados son: Resolver un problema diferenciando cada fase da simulación polo MEF: preproceso e xeración de malla, cálculo e resolución dos sistemas de ecuacións, postproceso. Escoller a lei constitutiva que mellor se axuste ao problema físico exposto. Realizar a selección do tipo e tamaño do elemento e o mallado do dominio. Empregar e coñecer as diferenzas entre elementos 0D, 1D, 2D e 3D. Escoller o modelo máis adecuado para a simulación do caso (Deformacións planas, tensións planas, axisimétricos e problemas 3D) Expor correctamente as condicións de contorno. Interpretar os resultados obtidos.	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba escrita ao final do cuadrimestre. Realizaranse unha serie de preguntas de resposta curta para avaliar os resultados de aprendizaxe da materia. Os resultados de aprendizaxe relacionados son: Resolver un problema diferenciando cada fase da simulación polo MEF: preproceso e xeración de malla, cálculo e resolución dos sistemas de ecuacións, postproceso. Escoller a lei constitutiva que mellor se axuste ao problema físico exposto. Realizar a selección do tipo e tamaño do elemento e o mallado do dominio. Empregar e coñecer as diferenzas entre elementos 0D, 1D, 2D e 3D. Escoller o modelo máis adecuado para a simulación do caso (Deformacións planas, tensións planas, axisimétricos e problemas 3D) Expor correctamente as condicións de contorno. Interpretar os resultados obtidos.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

- Resolución de problemas e/o exercicios: proba escrita na data oficial de exame da materia, 40%
- Prácticas con apoio das TIC: varios traballos prácticos cun peso total do 50%
- Debate, 10%.

Segunda oportunidade:

Manteríanse os pesos de cada parte e as cualificacións obtidas na primeira oportunidade. Permítese presentar traballos prácticos modificados (antes da data oficial de exame da materia) e repetir a proba escrita. Cada estudante decide que notas mantén e que partes tenta mellorar.

Avaliación Global:

Proba teórico-práctica (sen o emprego directo de software) que permite acadar o 100% da cualificación.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

J.N. Reddy, **An Introduction to the Finite Element Method**, McGraw-Hill Education, 2006

Eugenio Oñate, **Cálculo de Estructuras por el Método de Elementos Finitos**,

Bibliografía Complementaria

<http://www.salome-platform.org/>,

<http://www.code-aster.org/>,

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Simulación Aplicada a Xeotecnia				
Materia	Simulación Aplicada a Xeotecnia			
Código	V09M148V11302			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Alejano Monge, Leandro Rafael			
Profesorado	Alejano Monge, Leandro Rafael			
Correo-e	alejano@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Partindo dunha forte base xeotécnica preténdese que os alumnos sexan capaces de expor, e implementar problemas, así como ser quen de obter resultados relevantes aplicando métodos numéricos nesta rama da enxeñaría que se caracteriza por unha complexa mestura da mecánica pura, a idiosincrasia dos materiais naturais e a determinación humana.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
B5	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría, mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, carboquímica, petroquímica e xeotecnia.
B6	Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. Formular, programar e aplicar modelos analíticos e numéricos avanzados de cálculo, proxecto, planificación e xestión, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de Minas.
B7	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, xeotecnia, carboquímica e petroquímica.
B9	Coñecer os aspectos relativos a modelización, avaliación e xestión de recursos xeolóxicos, incluídas as augas subterráneas, minerais e termais.
C4	Realizar estudos de xestión do territorio e espazos subterráneos, incluíndo a construción de túneles e outras infraestruturas subterráneas.
D1	Ser capaz de abordar a reciclaxe continua de coñecementos e o exercicio das funcións profesionais de asesoría, análise, deseño, cálculo, proxecto, planificación, dirección, xestión, construción, mantemento, conservación e explotación nos seus campos de actividade.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do seu ámbito temático, en contextos interdisciplinarios e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia de coñecemento.
D9	Tomar conciencia da necesidade duna formación e mellora continua de calidade, desenvolvendo valores propios da dinámica de pensamento científico, mostrando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinións ou situacións diversas, en particular en materia de non discriminación por sexo, raza o relixión, respecto aos dereitos fundamentais, accesibilidade, etc.
D13	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

En xeotecnia, a maioría dos problemas resólvense con datos iniciais limitados e, ás veces, cun baixo nivel B5 de coñecemento. Polo tanto, a abordaxe de deseño tradicional empregada noutros campos da enxeñaría é B6 inadecuada, xa que o obxectivo fundamental do deseño debe ser a cuantificación da información inicial B7 necesaria, a definición do nivel de risco aceptable e a xestión axeitada da incerteza como parte do B9 proceso de deseño. C4

Como resultado de cursar este curso, espérase que os estudantes sexan capaces de propoñer unha D3 abordaxe máis heurística (que pasaría se...) e menos determinista ao abordar modelos. Baseándose D6 nunha sólida base xeotécnica, espérase que os estudantes sexan capaces de formular e implementar D9 problemas, así como obter resultados relevantes aplicando métodos numéricos nesta rama da enxeñaría, D13 caracterizada por unha complexa mestura de mecánica pura, as idiosincrasias dos materiais naturais e a determinación humana.

Contidos

Tema

1. INTRODUCCIÓN	CARA A UNHA METODOLOXÍA DE DESEÑO EN MECÁNICA DE ROCAS: CUANTIFICANDO A INCERTEZA
2. REVISIÓN DO COMPORTAMENTO TENSO-DEFORMACIONAL DE SOLOS, ROCAS, DESCONTINUIDADES E MACIZOS ROCHOSOS	REPASO DE COMPORTAMENTO BASES DA ELASTICIDADE E O COMPORTAMENTO NON-ELÁSTICO DAS ROCAS CRITERIOS DE ROTURA E RESISTENCIA AO CORTE COMPORTAMENTO POST-ROTURA
3. MÉTODOS NUMÉRICOS APLICADOS NO ÁMBITO XEOTÉCNICO	MÉTODO DOS ELEMENTOS FINITOS MÉTODO DE DIFERENZAS FINITAS MÉTODO DE ELEMENTOS DE CONTORNO MÉTODO DE ELEMENTOS DISCRETOS ESQUEMAS TEMPORAIS DE RESOLUCIÓN: IMPLÍCITO E EXPLÍCITO VALORACIÓN XERAL DO NUMÉRICO COMO MÉTODO DE TRABALLO POR QUE, COMO E CANDO UTILIZAR NUMÉRICO EN XEOTECNIA
4. RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA AS SIMULACIÓNS	HIPÓTESES BÁSICAS DE TRABALLO MODELOS SUPERFICIAIS: NOIROS E CIMENTACIÓNS MODELOS SUBTERRÁNEOS: TÚNELES E MINAS SIMETRÍAS E CONDICIÓNS INICIAIS DOMINIO E CONDICIÓNS DE CONTORNO MALLADOS E ANCHOS DE MALLA SAÍDAS DOS PROGRAMAS. SELECCIÓN DA INFORMACIÓN OBTENCIÓN DE COEFICIENTES DE SEGURIDADE CON NUMÉRICO
5. REVISIÓN DOS CÓDIGOS MÁIS UTILIZADOS	CÓDIGOS DE ELEMENTOS DE CONTORNO: EXAMINE-2D E 3D CÓDIGOS DE DIFERENZAS FINITAS: FLAC CÓDIGOS DE ELEMENTOS FINITOS: RS2 CÓDIGOS DE ELEMENTOS DISCRETOS: UDEC OUTROS CÓDIGOS AVANZADOS (PFC E FEM-DEM)
6. EXEMPLOS DE APLICACIÓN E COMPARACIÓN CON MÉTODOS ANALÍTICOS	ANÁLISE DE DESEÑO DUNHA MINA SUBTERRÁNEA DE CÁMARAS E ALICERCES CON EXAMINE ANÁLISES DE ESTABILIDADE DUN NOIRO CON RS2 COMPROBACIÓN DO SOSTEMENTO DUN TÚNEL CON RS2

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	8	16
Prácticas con apoio das TIC	13	12	25
Presentación	3	2	5
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	1	10	11
Observación sistemática	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos básicos. Facer pensar sobre datos e modelos, condicións de contorno e iniciais, por que simulamos e a que preguntas queremos responder.
Prácticas con apoio das TIC	Presentación de casos prácticos, inicialmente sinxelos, e cada vez máis reais e máis casos prácticos reais, porque a teoría non é senón a concreción da práctica e a práctica a extensión da teoría á realidade técnico-socio-económica. Resolución exercicios relacionados coa materia a resolver polo estudante.

Presentación	Aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e reativas a procedementos desenvolvidas en aulas de informática.
--------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).
Prácticas con apoio das TIC	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).
Presentación	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou de MooVi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Exame de preguntas obxectivas	Test con cuestións sinxelas xeneralistas para avaliar a comprensión de aspectos xenéricos. Avalíanse todos os resultados da aprendizaxe.	40	B5 B6 B7 B9	C4
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Avaliase a madurez e as competencias transversais	40	C4	D1 D3 D6 D9 D13
	Comentario dun artigo sobre filosofía da simulación no campo da xeotecnia, onde se traballa con materiais naturais de comportamento non sempre ben coñecido. Informes de catro casos prácticos similares a reais simulados con programas ad-hoc na aula de informática.			
Observación sistemática	Asistencia a clase, actitude e posible presentación dun traballo adicional no que se avalían as competencias transversais.	20	B6 B7	D1 D6 D9 D13

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua (1ª oportunidade):

a través do seguimento do traballo na aula, segundo o recollido na táboa.

2ª oportunidade e Avaliación global:

avaliación do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias e coñecementos a través do exame de preguntas de desenvolvemento que, nestes casos, valerá o 100% da nota.

Cualificación final numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente.

Calendario de exames:

Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro: <http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ramírez-Oyanguran P., Alejano L., **Mecánica de rocas: Fundamentos e ingeniería de taludes**, Internet-upm, 2007

Bibliografía Complementaria

Rocscience Inc., **tutorial Phase2D**, 2017

Rocscience, **tutorial Examine2D**,

Varios, **International Journal of Rock Mechanics & Mining Sciences**,

Arzúa, J., Alejano, L. y Pérez-Ret, I., **Problemas de mecánica de rocas: Mecánica de rocas: Fundamentos e ingeniería de taludes**, 1, Bubok Publishing, 2015

ITASCA, **tutorial FLAC**,

ITASCA, **tutorial UDEC**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enxeñaría de noiros/V09M148V11119

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases xeolóxicas da minería/V09M148V11122

Mecánica de rocas/V09M148V11115

Outros comentarios

O coñecemento científico avanza mediante a construción e análise de modelos de porcións da realidade en estudo. O obxectivo destes modelos non é ofrecer unha imaxe especular da realidade, nin incluír todos os seus elementos nas súas proporcións exactas, senón identificar e facer accesibles para unha investigación intensiva aqueles elementos que son decisivos. Simplificamos desde o non esencial, eliminamos o accesorio para obter unha perspectiva clara sobre o importante e aumentamos para mellorar o dominio e a precisión da nosa observación. Un modelo é e debería ser irrealista e, con todo, nun certo sentido e paradoxicamente, se é un bo modelo, proporcionaranos a clave para comprender a realidade.

Baran & Sweezy, 1968

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Simulación Aplicada a Procesos Químicos				
Materia	Simulación Aplicada a Procesos Químicos			
Código	V09M148V11303			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría química			
Coordinador/a	Canosa Saa, José Manuel			
Profesorado	Canosa Saa, José Manuel			
Correo-e	jcanosa@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia está orientada ao deseño e estudo e simulación das plantas da industria de procesos químicos: farmacéutica, petroquímica, carboquímica, produtos intermedios, etc.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
B5	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría, mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, carboquímica, petroquímica e xeotecnia.
B6	Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. Formular, programar e aplicar modelos analíticos e numéricos avanzados de cálculo, proxecto, planificación e xestión, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de Minas.
B7	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, xeotecnia, carboquímica e petroquímica.
C8	Avaliar e xestionar ambientalmente proxectos, plantas ou instalacións.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D14	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Dominar a terminoloxía específica da simulación de procesos. Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría. Estudo de graos de liberdade de sistemas.	B5 B7
Dominar os conceptos de separación por transferencia de materia e de enxeñaría das reaccións químicas. Estudo de variables.	B5 B7
Identificar os procesos e operacións implicados na industria carboquímica e petroquímica. Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de procesos.	B5 B6 B7 D3
Resolución de exercicios e problemas abertos, individualmente e en pequeno grupo. Exposición e discusión. Avaliar e xestionar ambientalmente proxectos, plantas ou instalacións.	B6 C8 D8 D14

Contidos
Tema

TEMA 1. Introducción ao Deseño de Procesos Químicos	- Fundamentos da simulación de procesos químicos. - Conceptos básicos. - Análise de variables e de sistemas. - Definición do diagrama de fluxo. - Fundamentos e modelos da Simulación. - Mezcladores e divisores de correntes. - Elementos impulsores de fluídos. Válvulas e tubaxes. - Equipos para o intercambio de calor. - Exemplos: Simulación de bombas de calor
TEMA 2. Operacións de Transferencia de materia.	- Equilibrio entre fases a partir de ecuacións de estado e de coeficientes de actividade. - etapas de equilibrio. - Simulación das operacións de destilación súbita, rectificación, extracción e absorción. - Variables de deseño. - Dimensionamento de equipos para as operacións de separación. - Exemplos: Simulación de operacións de separación.
TEMA 3. Reactores químicos	- Introducción: Cinética Química. - Clasificación de reactores químicos. - Reactor de equilibrio, Reactor CSTR, Reactor PFR. - Reactores en serie. - Reactores con recirculación - Variables de deseño de reactores - Exemplos: Simulación de reactores químicos.
PRÁCTICAS	- Simulación de procesos petroquímicos: Procesos de aproveitamento do petróleo. - Simulación de procesos carboquímicos: gasificación do carbón, hidroxenación e piroxenación. - Simulación do proceso de captura de CO₂. - Análise do comportamento de plantas químicas. - Optimización de procesos químicos. - Exemplos prácticos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	15	23
Prácticas con apoio das TIC	14	20	34
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Estudo de casos	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, adquisición de habilidades básicas e resolución de problemas relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (aulas informáticas).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Orientarase ao alumno na adquisición de habilidades básicas e resolución de problemas relacionadas coa materia obxecto de estudo. Realizarase un seguimento do progreso do alumno.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta con elección múltiple. O alumnado selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	40	B5 B7	D3
	Se avaliarán os seguintes resultados de aprendizaxe: Diagramas de procesos industriais, optimización de variables, conceptos de separación por transferencia de materia e enxeñaría das reaccións químicas.			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Manexar ferramentas de simulación informática adecuadas para o desenvolvemento de exercicios propostos no ámbito da enxeñaría de procesos. Desenvolver a capacidade para resolver problemas en contornos dixitais.	20	B6 B7	D14
Estudo de casos	Traballo en equipo (grupo reducido) O alumnado debe desenvolver e defender un traballo proposto (desenvolvemento dun proceso industrial) e debe dar resposta, utilizando as ferramentas de simulación, ás incógnitas do proceso. Para iso debe consultar diversas fontes: bibliografía, bases de datos, etc. O alumnado deberá aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos na materia, especialmente co desenvolvemento de prácticas de simulación. Avaliaranse todos os resultados de aprendizaxe indicados para esta materia.	40	B5 B6 B7	C8 D3 D8 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Prácticas da materia As prácticas da materia considéranse obrigatorias para poder aprobar a materia. De non realizarse as prácticas suspenderase a materia.

Avaliación Continua - Primeira oportunidade:

O alumnado debe alcanzar unha NOTA MÍNIMA de 4,0 ptos (sobre 10) en cada unha das partes da avaliación, é dicir, tanto en teoría "Exame de preguntas obxectivas" como na parte práctica: "Resolución de problemas" e "estudo de casos", para ter opción de aprobar a materia. De superar a nota mínima en todas as partes da avaliación, aprobarase a materia si a CUALIFICACIÓN FINAL media é $\geq 5,0$. De non superar o mínimo esixido nunha das partes recibirá a cualificación de suspenso coa nota numérica de esa parte.

Avaliación Continua - Segunda oportunidade:

No exame da segunda oportunidade manterase a cualificación daquelas partes da avaliación da primeira oportunidade, que foran superadas ($\geq 5,0$), polo que os alumnos só realizarán nesta convocatoria o exame daquelas partes non superadas. Para a CUALIFICACIÓN FINAL séguese o mesmo sistema que se describiu na primeira oportunidade.

Avaliación Global:

Nas datas oficiais de exame da materia realizarase o "Exame de preguntas obxectivas" sobre o 40% da nota global. O 60% restante corresponde á resolución de exercicios e ás prácticas, que son obrigatorias.

O alumnado debe alcanzar unha NOTA MÍNIMA de 4,0 ptos (sobre 10) en cada unha das partes da avaliación, é dicir, tanto no exame como nas prácticas, para ter opción de aprobar a materia. De superar a nota mínima en todas as partes da avaliación, aprobarase a materia si a CUALIFICACIÓN FINAL media é $\geq 5,0$. De non superar o mínimo esixido nunha das partes recibirá a cualificación de suspenso coa nota numérica de esa parte.

Compromiso ético:

Espérase que o alumno presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento "non ético" (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, etc.) considerarase que o alumno non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Neste caso a cualificación global, no presente curso académico, será de SUSPENSO (0,0 puntos).

Non se permitirá o uso de ningún dispositivo electrónico durante as probas de avaliación, excepto autorización expresa. O feito de introducir un dispositivo electrónico non autorizado na aula de exame será motivo de non superación da materia no presente curso académico, e a cualificación global será de SUSPENSO (0,0 puntos).

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

A. J. Gutiérrez, **Diseño de Procesos en Ingeniería Química**, Reverté, 2003

A. P. Guerra,, **Estrategias de modelado, simulación y optimización de procesos químicos**, Síntesis, 2006

Robin Smith, **Chemical process design and integration**, John Wiley & Sons. 2º Ed., 2016

Pedro J. Martínez de la Cuesta, Eloísa Rus Martínez, **Operaciones de separación en ingeniería química : métodos de cálculo**, Pearson Educación, 2004

Bibliografía Complementaria

W. D. Seider, **Product and Process Design Principles**, John Wiley & Sons. 3º Ed., 2010

Turton, R., **Analysis, synthesis and design of chemical processes**, Prentice-Hall. 4º Ed., 2013

P. Ollero de Castro, **Instrumentación y control en plantas químicas**, Síntesis, 2012

Ramos Carpio, M. A., **Refino de petróleo, gas natural y petroquímica**, Madrid, 1997

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Procesos de Carboquímica e Petroquímica/V09M148V11106

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xestión Integral de Industrias Mineiras				
Materia	Xestión Integral de Industrias Mineiras			
Código	V09M148V11304			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente			
Coordinador/a	Taboada Castro, Javier			
Profesorado	Giráldez Pérez, Eduardo Taboada Castro, Javier			
Correo-e	jtaboada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Lexislación de minas, medio ambiente e seguridade. Xestión de activos empresariais e análises de investimento			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
B1	Comprender os múltiples condicionamentos de carácter técnico, legal e da propiedade que se expoñen no proxecto dunha planta ou instalación, e establecer diferentes alternativas válidas, elixir a óptima e plasmala adecuadamente, prevendo os problemas do seu desenvolvemento, e empregando os métodos e tecnoloxías máis adecuadas, tanto tradicionais como innovadoras, coa finalidade de conseguir a maior eficacia e favorecer o progreso e un desenvolvemento da sociedade sostible e respectuoso co medio ambiente.
B2	Coñecer, comprender e aplicar a lexislación necesaria no exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Minas.
B3	Coñecer a profesión de Enxeñeiro/a de Minas e das actividades que se poden realizar no ámbito da mesma.
B4	Coñecemento para aplicar as capacidades técnicas e xestoras de actividades de I+D+i dentro do seu ámbito.
B8	Coñecer a avaliación de proxectos e análise de riscos, aspectos relativos á dirección, organización e mantemento, economía e xestión de empresas, calidade, lexislación do medio natural e xestión do coñecemento.
C12	Aplicar as técnicas de xestión empresarial e lexislación laboral.
D1	Ser capaz de abordar a reciclaxe continua de coñecementos e o exercicio das funcións profesionais de asesoría, análise, deseño, cálculo, proxecto, planificación, dirección, xestión, construción, mantemento, conservación e explotación nos seus campos de actividade.
D6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do seu ámbito temático, en contextos interdisciplinarios e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia de coñecemento.
D7	Asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
D10	Comprender a transcendencia dos aspectos relacionados coa seguridade e saber transmitir esta sensibilidade ás persoas do seu entorno.
D12	Aplicar a lexislación vixente do sector, identificar os elementos clave do entorno social e empresarial do sector e relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de calquera dos aspectos da súa labor profesional.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o ciclo de vida das actividades mineiras, para que estean en activo e funcionen adecuadamente durante o seu uso.	B1 B3 B8 C12 D1 D7 D8

Coñecer as principais políticas que se deben empregar na renovación dos equipos para que estean en perfectas condicións.	B1 B4 C12 D1 D6
Coñecer e saber interpretar a lexislación de minas e poder tramitar un permiso mineiro desde o principio.	B2 B3 D1 D10 D12
Dominar e aplicar a lexislación específica en materia de seguridade mineira e coñecer todos os trámites legais neste campo.	B2 B3 C12 D7 D10 D12
Coñecer a lexislación ambiental e de augas que afecta a unha explotación mineira.	B2 B3 B8 D6 D8 D12

Contidos

Tema	
Lexislación básica aplicada á minería	Ordenamento mineiro. Lei e Regulamento de Minas. Lexislación de avaliación ambiental. Estudos de impacto ambiental Plans de restauración.
Xestión de activos empresariais	Xestión de activos empresariais. Valoración de activos empresariais Ciclo de vida Depreciación Vida útil / vida económica Proxectos mineiros de inversión. Avaliación de riscos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28.5	37.5	66
Resolución de problemas	16	25	41
Traballo tutelado	3.5	32.5	36
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Estudo de casos	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Lección de aula clásica. Farase fincapé nas competencias transversais correspondentes á sostibilidade ambiental das actividades desenvolvidas
Resolución de problemas	Resolución de problemas na aula
Traballo tutelado	Traballos individuais ou en grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Os alumnos presentarán as dúbidas sobre os exercicios e traballos realizados. Para todas as modalidades de docencia, as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de moovi,...) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizaranse 3 probas parciais teórico-prácticas nas que se avaliarán os seguintes ámbitos: -Lexislación mineira (25%) -Lexislación ambiental (25%) -Ciclo de vida e valoración de activos mineiros (20%). As 2 primeiras probas realizaranse ao longo do cuadrimestre e a terceira na data oficial de exame da materia. Nas devanditas probas avalíanse os resultados de aprendizaxe: -Coñecer o ciclo de vida e valoración dos activos mineiros, para que funcionen adecuadamente durante o seu uso -Coñecer e saber interpretar a lexislación de minas e poder tramitar un permiso mineiro desde o principio -Coñecer a lexislación ambiental e de augas que afecta a unha explotación mineira.	70	B1 B2 B3 B4	C12	D1 D6 D8 D10 D12
Estudo de casos	Resolución dun exercicio mediante ferramentas TIC. Resultados de aprendizaxe: -Coñecer o ciclo de vida e valoración dos activos mineiros. -Coñecer e saber interpretar a lexislación de minas e poder tramitar un permiso mineiro desde o principio.	30	B3 B4	C12	D10 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

En **avaliación continua, primeira oportunidade**, téñense en conta os resultados das 4 probas recollidas na táboa anterior.

En **avaliación continua, segunda oportunidade**, o exame dividirase en 4 partes:

- Lexislación mineira (25% da nota final)
- Lexislación ambiental (25% da nota final)
- Ciclo de vida e valoración de activos mineiros (20% da nota final)
- Exercicio de estudo de casos (30% da nota final).

Aquelas partes que foran superadas cunha nota mínima de 5 sobre 10 na avaliación continua (primeira oportunidade) no terán que realizarse na segunda oportunidade, manténdose nese caso a nota obtida na proba correspondente.

En **avaliación global**, o exame final terá dúas partes: un exame de conceptos teóricos, cun peso do 70% sobre a nota global, e un exercicio de resolución dun caso proposto, cun peso do 30% sobre a nota global.

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

BOE, **Ley 22/1973 de Minas**, BOE,

BOE, **Real Decreto 2857/1978. Reglamento Genral para el Régimen de la Minería**, BOE,

BOE, **Ley 21/2013 de Evaluación Ambiental**, BOE,

BOE, **Norma UNE-EN 13306: Terminología del mantenimiento. Norma UNE-EN 13460: Mantenimiento.**

Documentos para el mantenimiento. Norma UNE-EN 13269: Mantenimiento. Guía para la preparación de contratos de mant,

Carlos López Gimeno, **Manual de evaluación técnico-económica de proyectos mineros de inversión**, 84-7840-077-X, IGME, 1991

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Simulación Aplicada a Mecánica de Fluidos				
Materia	Simulación Aplicada a Mecánica de Fluidos			
Código	V09M148V11305			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos			
Coordinador/a	Martín Ortega, Elena Beatriz			
Profesorado	Martín Ortega, Elena Beatriz			
Correo-e	emortega@uvigo.es			
Web	http://emortega.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia preséntase como unha introdución á dinámica de fluídos computacional que, partindo dun coñecemento das ecuacións de conservación dos fluídos (xa adquirido polos alumnos en materias previas) permita ao alumno realizar simulacións sinxelas que involucren a un fluído como medio de traballo. Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B5	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría, mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, carboquímica, petroquímica e xeotecnia.
B6	Resolver problemas matemáticos avanzados de enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. Formular, programar e aplicar modelos analíticos e numéricos avanzados de cálculo, proxecto, planificación e xestión, así como interpretar os resultados obtidos, no contexto da Enxeñaría de Minas.
B7	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, xeotecnia, carboquímica e petroquímica.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D5	Transmitir dun modo claro e en ambigüidades a un público especializado ou non, resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan.
D13	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saber analizar sistemas no que o fluído sexa o medio de traballo mediante técnicas de Dinámica de Fluidos Computacional	B5 B6 B7
Uso de métodos numéricos e/ou analíticos para resolver un problema fluidodinámico	B5 B6 B7 D3 D5 D13

Contidos

Tema

1. Introducción á dinámica de fluídos computacional. Ecuacións e modelos.	1.1 Ecuacións xerais do movemento de fluídos.
	1.1.a Notación integral
	1.1.b Notación diferencial
	1.1.c Notación compacta
	1.2 Números adimensionais relevantes en mecánica de fluídos
	1.2.a Exemplos de modelos límite
	1.3 Particularidades dos fluxos: Capas límite
2. Fluxos turbulentos	2.1 Introducción
	2.2 Escala de Kolmogorov
	2.3 Inviabilidade da simulación numérica directa
	2.4 Modelos de turbulencia
	2.4.a Modelos RANS:
	- Medias de Reynolds e de Favre
	- Ecuacións promediadas. Esforzos aparentes de Reynolds. Problema do peche
	- Hipótese de Boussinesq: modelos alxebráicos, dunha ecuación e de dúas ecuacións
	- Leis de parede. Modelos de alto e baixo número de Reynolds
	- Modelos de transporte de esforzos aparentes de Reynolds
3. Métodos específicos de resolución das ecuacións de Navier-Stokes.	2.4.b Modelos LES
	3.1 Discretización das ecuacións de fluídos.
	3.1.a Discretización do dominio computacional
	3.1.b Ecuacións discretizadas en FVM
	3.1.c Discretización das condicións de contorno
	3.1.d Tratamento das capas límite
	3.2 Fluxos incompresibles. Ecuación de presión
	3.2.a Métodos de compresibilidade artificial
	3.2.b Axustes presión-velocidade
4. Introducción ao uso de distintos software (Comsol- OpenFoam-Fluent) de simulación numérica de fluídos. Prácticas en aula informática	4.1 Fluxo ao redor dun escalón. Fluxo laminar e fluxo turbulento
	4.2 Forzas aerodinámicas sobre corpos. Exemplo de cálculo da rúa de Kármán tras un cilindro de sección circular
	4.3 Exemplo do fluxo no interior dunha cavidade
	4.4 Exemplo dun dispositivo mesturador de correntes
	4.5 Propóranse exercicios de simulación numérica para ser resoltos de forma máis independente polos alumnos. Si o ritmo de clase permíteo presentaranse simulacións adicionais
O uso deste software quedará condicionado á dispoñibilidade de licenzas de uso por parte do centro así como á correcta instalación dos mesmos na aula informática asignada	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	30	42
Resolución de problemas	4	14	18
Prácticas con apoio das TIC	8	5	13
Exame de preguntas obxectivas	0.5	0	0.5
Estudo de casos	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante o exercicio de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.

Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación de coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo, que se realizan en aulas de informática.
-----------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderase de forma personalizada ao alumno na sesión de preguntas que se formularán durante as sesións maxistrais, así como nas prácticas informáticas. Así mesmo atenderase ao alumno de forma personalizada nas sesións de tutorías da materia.
Resolución de problemas	Atenderase de forma personalizada ao alumno na sesión de preguntas que se formularán durante as sesións maxistrais, así como nas prácticas informáticas. Así mesmo atenderase ao alumno de forma personalizada nas sesións de tutorías da materia.
Prácticas con apoio das TIC	Atenderase de forma personalizada ao alumno na sesión de preguntas que se formularán durante as sesións maxistrais, así como nas prácticas informáticas. Así mesmo atenderase ao alumno de forma personalizada nas sesións de tutorías da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	Exercicios/problemas de simulación numérica propostos durante as prácticas. Serán realizados (empregando algún dos softwares utilizados nas prácticas de informática) e entregados durante o período de realización das prácticas del curso. Avalíase: demostrar que o alumnado é capaz de resolver fluxos incompresibles sinxelos en 2D, propostos polo profesor, utilizando os programas de simulación numérica utilizados nas clases.	20	B5 B6 B7	
Exame de preguntas obxectivas	Test de avaliación continua: probas para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os estudantes seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Estas probas avalían o resultado de aprendizaxe seguinte: "Posuír os coñecementos adecuados dos aspectos científicos e tecnolóxicos de mecánica de fluídos, en concreto dos métodos avanzados de simulación numérica en Mecánica de Fluídos: Técnicas CFD, fluxos de capa límite, modelos de turbulencia, entre outros"	40	B5 B6 B7	
Estudo de casos	Proba en que se expón unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc. Esta proba avalía o resultado de aprendizaxe seguinte: "Saber analizar sistemas no que o fluído sexa o medio de traballo mediante técnicas de Dinámica de Fluídos Computacional."	40	B5 B6 B7	D3 D5 D13

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

- Levarase a cabo un test de avaliación continua (exame de preguntas obxectivas) durante o curso que representará o 40% da nota final da materia.
- Serán valorados con una ponderación do 20% sobre a nota final da materia os exercicios/problemas de simulación numérica propostos durante as prácticas. Serán realizados (empregando algún dos *softwares* utilizados nas prácticas de informática) e entregados durante o período de realización das prácticas do curso. A asistencia ás prácticas de simulación numérica non se considera obrigatoria aínda que a entrega dos exercicios/problemas propostos durante a realización das mesmas puntúa un 20% da nota final.
- Caso de estudo (40% da nota final da materia): resolución dun caso mediante simulación numérica (empregando algún dos *softwares* utilizados nas prácticas de informática). Será realizado de forma autónoma polo alumnado e entregarse no espazo Moovi ata a data do exame final.
- Exame Final (data oficial de exame da materia): recuperación do test de avaliación continua para aqueles estudantes que non superasen o 5 sobre 10 no test de avaliación continua.

Segunda oportunidade:

- Levarase a cabo un test (exame de preguntas obxectivas) que representará o 40% da nota final da materia e se realizará o día oficial do exame final desta oportunidade. No caso de ter superada esta parte na primeira oportunidade, cunha nota mínima de 5 sobre 10, non será necesario facer este test.
- Será proposto un primeiro Caso de Estudo a resolver mediante simulación numérica (empregando algún dos *softwares* utilizados nas prácticas de informática). Será realizado de forma autónoma polo alumnado e se entregará na plataforma Moovi anteriormente á data do exame final da segunda oportunidade. O peso deste traballo será un 40% da nota final.
- Será proposto un exercicio/problema a resolver mediante simulación numérica; deberá ser realizado (empregando algún dos *softwares* utilizados nas prácticas de informática) de forma autónoma polo alumnado e será entregado na plataforma Moovi anteriormente á data do exame final da segunda oportunidade. O peso deste traballo será un 20% da nota final. En caso de ter superado esta parte na primeira oportunidade, cunha nota mínima de 5 sobre 10, o estudante non terá que realizar este exercicio.

Avaliación global:

Importante: fíxase un prazo de renuncia á avaliación continua dun mes dende o inicio do cuadrimestre. A comunicación da renuncia farase por escrito mediante o envío dun email ao coordinador da asignatura, que deberá dar acuse de recibo do mesmo.

A avaliación global realizarase como segue:

- O día oficial do exame final levarase a cabo un test (exame de preguntas obxectivas) que representará o 40% da nota final da materia.
- Será proposto un primeiro Caso de Estudo a resolver mediante simulación numérica (empregando algún dos *softwares* utilizados nas prácticas de informática). Será realizado de forma autónoma polo alumnado e se entregará na plataforma Moovi anteriormente á data do exame final. O peso deste traballo será un 40% da nota final.
- Será proposto un exercicio/problema a resolver mediante simulación numérica realizado de forma autónoma polo alumnado que será entregado na plataforma Moovi anteriormente á data do exame final. O peso deste traballo será un 20% da nota final.

Calendario de exames finais. Verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BLAZEK, J., **Computational Fluid Dynamics: Principles and Applications**, 3, Elsevier, 2015

BARRERO y PÉREZ-SABORID, **Fundamentos y aplicaciones de la Mecánica de Fluidos**, 1, Mc Graw Hill, 2005

CRESPO, A., **Mecánica de fluidos**, 1, Ed. Thomson, 2006

F. Moukalled L. Mangani M. Darwish, **The Finite Volume Method in Computational Fluid Dynamics An Advanced Introduction with OpenFOAM® and Matlab®**, 1, Springer, 2015

Bibliografía Complementaria

SCHLICHTING, H., Gersten, K., **Boundary-Layer Theory**, 9, Springer, 2017

WILCOX, **Turbulence Modeling**, 3, DCW Industries, 2006

Davidson, P. A, **Turbulence, an Introduction for Scientist and Engineers**, 2, Oxford Univ. Press, 2015

FERZIGER, J., MILOVAN, P., **Computational Methods for fluid Dynamics**, 3, Springer, 2002

CHUNG, **Computational fluid Dynamics**, 1, Cambridge University Press, 2002

HOMSY et al., **Mecánica de Fluidos Multimedia**, 2, Cambridge University Press, 2007

COMSOL Multiphysics®, **Comsol Multiphysics User Guide**, 1, COMSOL AB., 2015

<http://www.comsol.com/>,

www.openfoam.com,

Greenshields, C. J., **OpenFOAM The Open Source CFD Toolbox. User Guide**, 1, OpenFOAM Foundation Ltd., 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Matemáticas Avanzadas/V09M148V11205

Outros comentarios

Dedicar o tempo indicado de traballo persoal asignado, así como recorrer a titorías persoais co profesor para resolver as posibles dúbidas que xurdan durante o traballo persoal do alumno.

Recoméndase un seguimento total da materia así como unha actitude activa nas clases.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xestión de Recursos Enerxéticos				
Materia	Xestión de Recursos Enerxéticos			
Código	V09M148V11306			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría eléctrica Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos			
Coordinador/a	Eguía Oller, Pablo Cordeiro Costas, Moisés			
Profesorado	Cordeiro Costas, Moisés Eguía Oller, Pablo			
Correo-e	moises.cordeiro.costas@uvigo.gal peguia@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Nesta materia expónse que o alumno sexa capaz de analizar e resolver aqueles problemas relacionados coa xestión da enerxía, tanto desde un punto de vista técnico como ambiental e económico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B5	Coñecer os aspectos científicos e tecnolóxicos de métodos matemáticos, analíticos e numéricos da enxeñaría, mecánica de fluídos, mecánica de medios continuos, cálculo de estruturas, carboquímica, petroquímica e xeotecnia.
C3	Planificar e xestionar recursos enerxéticos, incluíndo xeración, transporte, distribución e utilización.
D3	Avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso.
D8	Concibir a Enxeñaría de Minas nun marco de desenvolvemento sostible.
